

# Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado<sup>1</sup>.

## Preámbulo

Os tributos do Estado cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia réxense polos convenios ou tratados internacionais, a Lei xeral tributaria, a lei propia de cada tributo, os regulamentos xerais ditados en desenvolvemento da Lei xeral tributaria e das leis propias de cada tributo, as demais disposicións de carácter xeral, regulamentarias ou interpretativas, ditadas pola Administración do Estado e polas normas emanadas da comunidade autónoma competente nos termos establecidos polas leis que regulan a cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas de réxime común.

A Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, constitúe o marco orgánico xeral polo que se rexe o citado réxime de cesión.

Ese marco orgánico é desenvolvido, con carácter xeral, pola Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e para o caso da Comunidade Autónoma de Galicia, pola Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión.

Mediante esta Lei 17/2010, do 16 de xullo, procedeuse á adecuación do contido da alínea un da disposición adicional primeira do Estatuto de Autonomía de Galicia ao novo réxime de cesión de tributos que se contempla na Lei 22/2009, do 18 de decembro, e, así mesmo, a regular o réxime específico da devandita cesión á Comunidade Autónoma Galicia, de modo que se determina o alcance e condicións da cesión a esta comunidade autónoma e atribúeselle a facultade de ditar para si mesmas normas legislativas nos casos e condicións previstos na Lei 22/2009, do 18 de decembro.

A atribución de determinadas competencias normativas en materia de tributos estatais cedidos xa estaba presente na Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión, nos termos establecidos na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, así como na Lei 32/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión, respecto do disposto na Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias.

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 201, do de outubro de 2011.

A necesaria garantía do principio de seguridade xurídica que debe presidir todo ordenamento exige acabar coa dispersión lexislativa que a multiplicidade de normas provocou. Consciente diso, o lexislador incluíu na disposición derradeira terceira da Lei 8/2010, do 29 de outubro, de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, a súa rehabilitación e financiamento, e outras medidas tributarias, unha autorización á Xunta de Galicia para elaborar e aprobar, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da devandita lei, un texto refundido que recolla a normativa autonómica vixente sobre os tributos estatais cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, esta delegación lexislativa inclúe a posibilidade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que sexan obxecto do texto refundido.

Este decreto lexislativo consta dun artigo que aproba o texto refundido, unha disposición adicional, unha derogatoria e unha derradeira. O texto refundido estrutúrase en tres títulos, dedicados o primeiro deles a disposicións xerais e de carácter aclaratorio do réxime xurídico aplicable aos tributos cedidos, o título segundo a disposicións específicas de cada tributo en particular, clasificadas por capítulos, e o título terceiro, as normas procedementais e obrigacións formais relativas aos tributos cedidos.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 10.1.º a) do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e no artigo 4.4.º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta da conselleira de Facenda, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de xullo de dous mil once,

## DISPOÑO:

Artigo único.

Conforme o disposto na disposición derradeira terceira da Lei 8/2010, do 29 de outubro, de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, a súa rehabilitación e financiamento, e outras medidas tributarias, apróbase o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

Disposición adicional única. Remisións normativas.

As remisións e referencias normativas ás disposicións derogadas por este decreto lexislativo entenderanse realizadas, en diante, ás correspondentes disposicións do texto refundido.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O artigo 2 da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión.

- b) Os artigos 3, 4 e 5 da Lei 3/2002, do 29 abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo.
- c) Os artigos 2, 3 e 5 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo.
- d) Os artigos 3, 4 e 5 da Lei 9/2003, do 23 decembro, de medidas tributarias e administrativas.
- e) Os artigos 1, 2, 4, 7 e 8 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.
- f) Os artigos 52 e 54 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.
- g) O artigo 25 da Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.
- h) Os artigos 57 a 64 e a disposición transitoria segunda da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.
- i) A Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns.
- j) O artigo 60 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.
- k) A Lei 4/2009, do 20 de outubro, de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para o fomento do acceso á vivenda e á sucesión empresarial.
- l) A disposición adicional primeira da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.
- m) A Lei 8/2010, do 29 de outubro, de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, a súa rehabilitación e financiamento, e outras medidas tributarias.
- n) Os artigos 1, 2, 3, 4, 6, 7, 8, 9 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

2. Así mesmo, quedan derogadas calquera outras disposicións de igual ou inferior rango ao desta lei en canto se opoñan ou contradigan o establecido nela.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e oito de xullo de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Esta lei ten por obxecto establecer nun único texto as normas ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia en exercicio das competencias que ten atribuídas no marco establecido polas leis que regulan a cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas de réxime común.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Un. Este texto refundido será de aplicación aos tributos sobre os cales a Comunidade Autónoma de Galicia ten, de acordo co establecido nas leis reguladoras da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas de réxime común, competencias normativas tanto na regulación de aspectos substantivos que determinan a cota tributaria como nas cuestións de aplicación dos tributos.

Dous. A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a facultade de ditar para si mesmas normas legislativas, co alcance e condicións establecidos nas leis reguladoras da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas de réxime común, sobre os seguintes tributos:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre sucesións e doazóns.
- d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

e) Tributos sobre o xogo.

f) Imposto especial sobre determinados medios de transporte.

g) Imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

Tres. O exercicio das facultades normativas da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos efectúase, en cada caso, segundo o alcance e os puntos de conexión establecidos nas leis reguladoras da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas de réxime común.

Artigo 3. Conceptos xerais<sup>2</sup>.

Un. Vivenda habitual.

Para os efectos previstos neste texto refundido, os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas.

Dous. Unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o contemplado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Tres. Acreditación do grao e a condición de persoa con discapacidade.

O grao de minusvalidez deberá de acreditarse mediante certificado ou resolución expedida polo órgano competente. En particular, considerarase acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% no caso dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e no caso dos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Igualmente, considerarase acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65% cando se trate de persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance o devandito grao, así como nos casos de dependencia severa e gran dependencia, sempre que estas últimas situacións sexan recoñecidas polo órgano competente, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

<sup>2</sup> Apartado 4 do artigo 3 engadido polo artigo 1. da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014). Redacción dos apartados 5 e 6 do artigo 3 pola disposición derradeira primeira apartado da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio de 2021).

#### Catro. Acreditación da condición de familia numerosa

A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento da presentación da declaración do imposto, conforme o establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

A asimilación ao descendente do fillo ou filla concibido ou concibida e non nacido ou nacida prevista na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia de Galicia, acreditarase mediante o carné familiar galego ou certificado expedido para o efecto, e terá efectos unicamente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Cinco. Actividade agraria, explotación agraria, elementos da explotación, agricultor profesional, silvicultor activo e titular da explotación.

Para os efectos previstos neste texto refundido, os conceptos de «actividade agraria», «explotación agraria», «elementos da explotación», «agricultor profesional», «silvicultor activo» e «titular da explotación» serán os recollidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

#### Seis. Obras de rehabilitación.

Para os efectos previstos neste texto refundido, para determinar o concepto de obras de rehabilitación, en todo aquilo que non veña expresamente regulado nel, será de aplicación o previsto na normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido.

## TÍTULO II

### Disposicións sobre tributos cedidos

## CAPÍTULO I

### Imposto sobre a renda das persoas físicas

#### Artigo 4. *Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas*<sup>3</sup>

A escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra Euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	12.985,35	9,00%
12.985,35	1.168,68	8.083,25	11,65 %

<sup>3</sup> Redacción do artigo 4 dada polo artigo 1 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Núm. 248, do 30 de decembro de 2022).

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra Euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
21.068,60	2.110,38	14.131,40	14,90%
35.200,00	4.215,96	24.800,00	18,40%
60.000,00	8.779,16	En diante	22,50%

#### Artigo 4 bis. Mínimo persoal e familiar<sup>4</sup>

As contías correspondentes aos mínimos do contribuínte, por descendentes, por ascendentes e por discapacidade, establecidos nos artigos 57, 58, 59 e 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, quedan fixadas nos seguintes importes:

1. O mínimo do contribuínte regulado polo artigo 57 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Con carácter xeral, 5.789 euros anuais.

b) Cando o contribuínte teña unha idade superior a 65 anos, o mínimo aumentarase en

1.199 euros anuais. Se a idade é superior a 75 anos, o mínimo aumentarase adicionalmente en 1.460 euros anuais.

2. O mínimo por descendentes regulado polo artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Nos supostos previstos no número 1 do artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1º. 2.503 euros anuais polo primeiro descendente.

2º. 2.816 euros anuais polo segundo descendente.

3º. 4.172 euros anuais polo terceiro descendente.

4º. 4.694 euros anuais polo cuarto descendente e seguintes.

b) Cando o descendente sexa menor de 3 anos, o mínimo a que se refire a letra a) anterior aumentarase en 2.920 euros anuais.

3. O mínimo por ascendentes regulado no artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) No suposto previsto no número 1 do artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, 1.199 euros anuais.

b) Cando o ascendente sexa maior de 75 anos, o mínimo a que se refire a letra a) anterior aumentarase en 1.460 euros anuais.

4. O mínimo por discapacidade regulado no artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Nos supostos previstos no número 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro,

<sup>4</sup> Artigo 4 bis engadido polo artigo 2 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Núm. 248, do 30 de decembro de 2022).

bro:

1º. 3.129 euros anuais cando o contribuínte sexa unha persoa con discapacidade e 9.387 euros anuais cando o contribuínte acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

2º. No suposto previsto no parágrafo segundo do número 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado aumentaranse en 3.129 euros anuais.

b) Nos supostos previstos no número 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1º. 3.129 euros anuais por cada un dos ascendentes ou descendentes con discapacidade.

2º. 9.387 euros anuais por cada un dos ascendentes ou descendentes cando acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

3º. No suposto previsto no parágrafo segundo do número 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado aumentaranse en 3.129 euros anuais.

Artigo 5. Deducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas<sup>5</sup>

Un. Normas xerais.

A práctica das deducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas quedará en todo caso condicionada á xustificación documental adecuada e suficiente do suposto de feito e aos requisitos que determinen a súa aplicabilidade.

Dous. Dedución por nacemento ou adopción de fillos

1. O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica por cada fillo nacido ou adoptado no período impositivo, que conviva co contribuínte na data da devindicación do imposto, a seguinte contía:

a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa maior ou igual de 22.000,01 euros. En caso de parto múltiple, esta dedución ascenderá a 360 euros por cada fillo.

b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa menor ou igual a 22.000 euros. Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo e de 2.400 se se trata do terceiro fillo ou seguintes.

<sup>5</sup> Artigo 5 obxecto de múltiples modificacións sucesivas. Por orde cronolóxico: 1) Redacción do artigo 5 apartado once dada polo artigo 1 da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011); 2) redacción do apartado 7.c) do artigo 5 dada pola disposición adicional décimo oitava da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia (DOG núm.141, do 24 de xullo 2012); 3) Nova redacción do artigo 5 dada polo artigo 71 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013); 4) Redacción dos apartados 10 e 11 do artigo 5 pola disposición derradeira primeira apartados un e dous da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2013); 5) Redacción dos apartados 2, 5 e 7 do artigo 5 polo artigo 67 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2013); 6) Redacción do apartado 2, 5, 7, 9, 12 e 13 do artigo 5 polo artigo 2 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014); 7) Apartados 14, 15 e 16 do artigo 5 engadidos polo artigo 1 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 245, 28 de decembro de 2017); 8) Redacción dos apartados 9, 10 e 12 mais adición do apartado 17 do artigo 5 polo artigo 1 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247, do 28 de decembro de 2018); 9) Redacción dos apartados 9, 10, 15, 18 e 19 do artigo 5 polo artigo 1 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246, 27 de decembro de 2019); 10) Redacción do apartado 15 e adición do apartado 20 do artigo 5 pola disposición derradeira primeira da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio de 2021); 11) Redacción do artigo 5.Tres dada polo artigo 3 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Núm. 248, do 30 de decembro de 2022).



A contía incrementarase nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

2. A dedución estenderase aos dous períodos impositivos seguintes ao nacemento ou adopción, sempre que o fillo nacido ou adoptado conviva co contribuínte na data da devindicación do imposto que corresponda a cada un deles, segundo as seguintes contías e límites de renda:

a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF estea comprendida entre 22.000,01 e 31.000 euros.

b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa menor ou igual a 22.000 euros. Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo e de 2.400 se se trata do terceiro fillo ou seguintes.

3. Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción, ou nos dous seguintes, os fillos convivan con ambos os dous proxenitores a dedución practicarase por partes iguais na declaración de cada un deles.

4. As contías fixadas por esta dedución duplicaranse no caso de que o nacido ou adoptado teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Tres. Dedución por familias con dous ou máis fillos

1. O contribuínte que, á data de devindicación do imposto, teña dous descendentes que xeren ao seu favor o dereito á aplicación do correspondente mínimo por descendentes establecido pola normativa reguladora do imposto, poderá deducir da cota íntegra autonómica a cantidade de 250 euros.

No caso de que o contribuínte ou algún dos descendentes que dean dereito a aplicar esta dedución teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior duplicarase.

2. O contribuínte que, na data de devindicación do imposto, posúa o título de familia numerosa poderá deducir da cota íntegra autonómica:

a) no caso de que se trate de familias con dous fillos/as, 250 euros.

b) no resto dos casos, a dedución incrementarase en 250 euros adicionais por cada fillo/a.

No caso de que o contribuínte ou algún dos descendentes que dean dereito a aplicar esta dedución teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, as deducións anteriores duplicaranse.

3. Cando máis dun contribuínte teña dereito á aplicación das deducións previstas neste número respecto dos mesmos descendentes, o seu importe será rateado entre eles por partes iguais.

4. As deducións previstas neste número son incompatibles entre si.

#### Catro. Dedución por acollemento.

Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica a cantidade de 300 euros por cada menor en réxime de acollemento familiar simple, permanente, provisional ou preadoptivo, administrativo ou xudicial, formalizado polo órgano competente en materia de menores da Xunta de Galicia, sempre que convivan co menor cento oitenta e tres ou máis días durante o período impositivo. Se o tempo de convivencia durante o período impositivo for inferior a cento oitenta e tres días e superior a noventa días, o importe da dedución por cada menor acollido será de 150 euros.

Non dará lugar a esta dedución o suposto de acollemento familiar preadoptivo cando se produza a adopción do menor durante o período impositivo, sen prexuízo da aplicación, se for o caso, da dedución por adopción.

En caso de acollemento de menores por matrimonio, ou por parellas de feito a que se refire a disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, o importe da dedución ratearase por partes iguais na declaración de cada un deles, se optaren pola declaración individual.<sup>6</sup>

#### Cinco. Dedución por coidado de fillos menores.

Os contribuíntes que por motivos de traballo, por conta propia ou allea, teñan que deixar os seus fillos menores ao coidado dunha persoa empregada do fogar ou en escolas infantís de 0-3 anos poderán deducir da cota íntegra autonómica o 30 % das cantidades satisfeitas no período, co límite máximo de 400 euros, e 600 euros se teñen dous ou máis fillos, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que na data de devindicación do imposto os fillos teñan 3 ou menos anos de idade.
- b) Que ambos os dous pais realicen unha actividade por conta propia ou allea pola que estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.
- c) Que, no caso de que a dedución sexa aplicable por gastos dunha persoa empregada do fogar, esta estea dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d) Que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do IRPF non exceda 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta.

Cando máis dun contribuínte teña dereito á aplicación desa dedución respecto dos mesmos descendentes, o seu importe será rateado entre eles.

<sup>6</sup> Redacción do número Catro dada polo artigo 1 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2021).

Seis. Dedución por suxeitos pasivos discapacitados, de idade igual ou superior a sesenta e cinco anos, que precisen axuda de terceiras persoas.

Os contribuíntes de idade igual ou superior a sesenta e cinco anos afectados por un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 % e que precisen axudas de terceiras persoas poderán deducir da cota íntegra autonómica o 10 % das cantidades satisfeitas aos terceiros, cun límite máximo de 600 euros, sempre que:

- a) A base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do IRPF non exceda 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta.
- b) Se acredite a necesidade da axuda de terceiras persoas.
- c) O contribuínte non sexa usuario de residencias públicas ou concertadas da Comunidade Autónoma de Galicia ou beneficiario do cheque asistencial da Xunta de Galicia.

Sete. Dedución por alugueiro de vivenda habitual.

O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica o 10 %, cun límite de 300 euros por contrato de arrendamento, que será do 20 % cun límite de 600 euros se ten dous o máis fillos menores de idade, das cantidades que satisfíxese durante o período impositivo en concepto de alugueiro da súa vivenda habitual, coa condición de que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que a súa idade, na data da devindicación do imposto, sexa igual ou inferior a 35 anos.
- b) Que a data do contrato de arrendamento sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2003.
- c) Que constituíse o depósito da fianza á que se refire o artigo 36.1 da Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos, no Instituto Galego da Vivenda e Solo, ou ben posúa copia compulsada da denuncia presentada ante o dito organismo por non entregarlle o citado xustificante a persoa arrendadora.
- d) Que a base imponible do período, antes da aplicación das reducións por mínimo persoal ou familiar, non sexa superior a 22.000 euros.

As contías fixadas por esta dedución duplicaranse no caso de que o arrendatario teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Cando, cumprindo estes requisitos, dous contribuíntes teñan dereito á aplicación desta dedución, o importe total desta, sen exceder o límite establecido por contrato de arrendamento, ratearase por partes iguais na declaración de cada un deles.

No caso de tributación conxunta o requisito da idade deberá de cumprilo, polo menos, un dos cónxuxes ou, se for o caso, o pai ou a nai.

Oito. Dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.

Os contribuíntes que durante o exercicio accedan á internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade poderán deducir da cota íntegra autonómica o 30 % das cantidades satisfeitas no concepto de cota de alta e cotas mensuais, cun límite máximo de 100 euros e segundo os seguintes requisitos:

a) Só poderá aplicarse no exercicio en que se subscribe o contrato de conexión a liñas de alta velocidade.

b) A liña de alta velocidade contratada estará destinada ao uso exclusivo do fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.

c) Non resultará aplicable se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior se realizou noutro exercicio. Tampouco resultará aplicable cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e o contribuínte manteña, ao mesmo tempo, outras liñas contratadas en exercicios anteriores.

d) O límite máximo da dedución aplícase respecto de todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, ben correspondan a un só contrato de conexión, ben a varios que se manteñan simultaneamente.

Nove. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de 6.000 euros, o 30 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade obxecto do investimento ou dos seus dereitos de voto en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. O límite máximo de participación no capital social non se aplicará no caso de sociedades laborais ou cooperativas compostas unicamente por dúas persoas socias, mentres se manteña esta circunstancia.

b) A entidade na que hai que materializar o investimento debe cumprir os seguintes requisitos:

1. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

2. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para tal efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio

mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

3. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia, durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

4. No caso de que o investimento se realizase mediante unha ampliación de capital, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, sempre que, ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia se incrementase, polo menos, nunha persoa con respecto ao cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores e que o devandito incremento se manteña durante un período adicional doutros vinte e catro meses.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento, tomaranse as persoas empregadas, nos termos en que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

c) As operacións nas que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.

d) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación.

2. A dedución regulada no número 1 poderá incrementarse nun 15 % adicional, cun límite de 9.000 euros, cando, ademais de cumprir os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias:

a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser pequenas e medianas empresas innovadoras, de acordo co disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de pequena e mediana empresa innovadora e se crea e regula o Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, de conformidade co disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas,

limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación.

Dez. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, as seguintes cantidades:

a) O 30 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas.

b) Con respecto ás mesmas entidades, poderase deducir o 30 % das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constitúa no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación do seu capital.

Para ter dereito a estas deducións deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade obxecto do investimento, ou dos seus dereitos de voto, en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. En caso de préstamo ou garantía, non será necesaria unha participación do contribuínte no capital, pero, se esta existe, non pode ser superior ao 40 %, cos mesmos límites temporais anteriores. O importe prestado ou garantido polo contribuínte ten que ser superior ao 1 % do patrimonio neto da sociedade. O límite máximo de participación no capital social non se aplicará no caso de sociedades laborais ou cooperativas compostas unicamente por dúas persoas socias, mentres se manteña esta circunstancia.

b) A entidade na que hai que materializar o investimento, o préstamo ou a garantía debe cumprir os seguintes requisitos:

1º. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

2º. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para ese efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

3º. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia. O contrato terá unha duración mínima dun ano e deberá formalizarse dentro dos dous anos

seguintes á constitución ou ampliación, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

4º. No caso de que o investimento fose realizado mediante unha ampliación de capital ou o préstamo ou a garantía se realizase no exercicio dunha ampliación, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, e ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación, o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia debeu incrementarse, polo menos, nunha persoa respecto do cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutros doce meses, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos en que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

c) O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

d) As operacións en que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

e) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación. No caso de préstamos, estes deben referirse ás operacións de financiamento cun prazo superior a cinco anos, e non poderá amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal prestado. No caso de garantías, estas estenderanse a todo o tempo de vixencia da operación garantida, non podendo ser inferior a cinco anos.

A dedución contida neste número resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas deducións previstas nos números 9 e 11 deste artigo.

2. As deducións reguladas no número anterior poderán incrementarse nun 15 % adicional, cun límite de 35.000 euros, cando, ademais de se cumpriren os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias:

a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser pequenas e medianas empresas innovadoras, de acordo co disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de pequena e mediana empresa innovadora e se crea e regula o funcionamento do Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, de conformidade co disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación.

Once. Dedución por investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de 4.000 euros, o 15 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións como consecuencia de acordos de ampliación de capital subscritos por medio do segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista, aprobado polo acordo do Consello de Ministros do 30 de decembro de 2005.

A dedución total calculada conforme o parágrafo anterior ratearase por partes iguais no exercicio en que se realice o investimento e nos tres exercicios seguintes.

2. Para poder aplicar a dedución a que se refire o punto 1 deben cumprirse os seguintes requisitos:

a) A participación conseguida polo contribuínte na sociedade obxecto do investimento non pode ser superior ao 10 % do seu capital social.

b) As accións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período de tres anos, como mínimo.

c) A sociedade obxecto do investimento debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia, e non debe ter como actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto polo artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

Os requisitos indicados nas letras a) e c) anteriores deberán cumprirse durante todo o prazo de mantemento indicado na letra b), que se contará desde a data de adquisición da participación.

d) As operacións en que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal se debe especificar a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.

3. O incumprimento dos requisitos anteriores comporta a perda do beneficio fiscal.



4. A dedución contida neste punto resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas deducións previstas nos puntos 9 e 10 anteriores.

Doce. Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica.

1. Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica do imposto o 25 %, ata o límite do 10 % da devandita cota, dos donativos monetarios que fagan a favor de centros de investigación adscritos a universidades galegas e dos promovidos ou participados pola Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto o fomento da investigación científica e o desenvolvemento e a innovación tecnolóxicos, así como dos realizados a favor de entidades sen ánimo de lucro acollidas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, coa condición de que estas últimas teñan a consideración de organismo de investigación e difusión de coñecementos conforme o previsto no artigo 2.83 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

2. A dedución queda condicionada á xustificación documental axeitada e suficiente dos presupostos de feito e dos requisitos que determinan a súa aplicabilidade. En particular, as entidades beneficiarias destes donativos deben enviar á 1/1999

de Galicia, dentro dos primeiros vinte días de cada ano, unha relación das persoas físicas que efectuaron donativos durante o ano anterior, coa indicación das cantidades doadas por cada unha destas persoas.

Trece. Dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o 5 % das cantidades satisfeitas no exercicio pola instalación na vivenda habitual de sistemas de climatización e/ou auga quente sanitaria nas edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables, e cun límite de 280 € por suxeito pasivo.

Enténdese por enerxías renovables aquelas ás que se refire o artigo 2 da Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.

No caso de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal que sexan de nova construción ou nos que se proceda á substitución dos equipos de xeración térmica por outros que empreguen enerxías renovables, esta dedución poderá aplicala cada un dos propietarios individualmente na porcentaxe que lle corresponda na comunidade de propietarios.

2. A base desta dedución estará constituída polas cantidades efectivamente satisfeitas na totalidade da instalación, isto é, sistema de xeración, sistema de emisión térmica e sistema

de captación, mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito, aos instaladores habilitados que realicen a instalación. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

3. Só se poderá practicar a dedución se se cumpren os seguintes requisitos:

a) A instalación debe estar debidamente rexistrada polo instalador, que debe estar habilitado para o efecto, na Oficina Virtual de Industria (OVI), segundo o establecido no Regulamento de instalacións térmicas en edificios aprobado por Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo. Remitiráselle ao titular ou empresa que rexistrou a instalación un código de verificación desta.

b) Posteriormente, e sempre antes de que expire o prazo para presentar a autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se sufragou a instalación, será necesario achegar a través da OVI a seguinte documentación:

- O orzamento analizado da instalación.
- A factura ou facturas emitida/s polo instalador habilitado.
- O/os xustificante/s de pagamento pola totalidade do custo da instalación.
- No caso de se efectuar o investimento por unha comunidade de propietarios, deberá achegarse un certificado, emitido polo seu representante legal, das achegas económicas correspondentes a cada comuneiro.

No caso de que a instalación se realice nunha vivenda unifamiliar, esta documentación será achegada polo suxeito pasivo. De se tratar de edificios en réxime de propiedade horizontal, será achegada polo representante legal da comunidade de propietarios ou por unha persoa autorizada para o efecto.

4. Para poder practicarse esta dedución debe constar na declaración tributaria do suxeito pasivo a referencia ao código da instalación proporcionado pola OVI no certificado de rexistro da instalación.

Catorce. Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos.

Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, cun límite de 9.000 euros.

Para estes efectos, consideraranse rehabilitación as obras que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.
- b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución do inmovble mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o custo

global das operacións de rehabilitación exceda do 25 % do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmovible no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmovible a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro.

Quince. Dedución por investimento en empresas que desenvolvan actividades agrarias.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, o 20 % das cantidades ou, no caso de achegas que non sexan en diñeiro, do valor dos bens que destinen no exercicio aos seguintes investimentos:

a) Adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, así como calquera achega a reservas en:

1º. Sociedades de fomento forestal reguladas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e outro tipo de sociedades de xestión conxunta.

2º. Entidades agrarias, cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra que teñan por obxecto exclusivo actividades agrarias.

3º. Entidades que teñan por obxecto a mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia ao abeiro dos instrumentos previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) Préstamos realizados a favor das mesmas entidades citadas na letra a) anterior, así como garantías que o contribuínte constituía persoalmente a favor destas entidades.

c) Achegas que os socios capitalistas realicen a contas en participación constituídas para o desenvolvemento de actividades agrarias e nas que o partícipe xestor sexa algunha das entidades citadas na letra a) anterior.

2. Para ter dereito a estas deducións deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) As operacións ás que sexa de aplicación a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

b) Os investimentos realizados deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de cinco anos, computado a partir do día seguinte á data en que se formalice a operación en escritura pública. No caso de operacións de financiamento, o prazo de vencemento deberá ser superior ou igual a cinco anos, sen que se poida amortizar unha cantidade

superior ao 20 % anual do importe do principal. Durante ese mesmo prazo de cinco anos deben manterse as garantías constituídas.

c) O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Esta dedución é incompatible coas recollidas nos números nove, dez e once deste artigo.

Dezaseis. Dedución da cota íntegra autonómica por determinadas subvencións e/ou axudas obtidas a consecuencia dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

Cando o contribuínte integrase na base imponible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Comunidade Autónoma de Galicia das incluídas no Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, poderá aplicarse unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe da devandita dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención na base liquidable.

Dezasete. Deducións da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018.

1º. Cando o contribuínte integrase na base imponible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Comunidade Autónoma de Galicia das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe da devandita dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

2º. Ademais, o contribuínte poderá deducir as cantidades investidas, en investimentos non empresariais, coa finalidade de paliar os danos sufridos, pola parte que exceda as cantidades percibidas por axudas ou subvencións das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, ou por coberturas de seguros.

En ningún caso a cantidade obxecto de dedución poderá ser superior á diferenza entre o dano sufrido e as cantidades recibidas por axudas ou coberturas de seguro.

As deducións ás que se refire este artigo producirán efectos a partir de 2018.

Dezaoito. Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares.

1. Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica no exercicio en que se remate a obra de mellora de eficiencia enerxética dos inmobles de uso residencial vivenda:

a) O 15 % das cantidades totais investidas. A base da dedución terá como límite 9.000 € por suxeito pasivo.

b) O custo dos honorarios para a obtención do certificado que xustifique o salto de letra na cualificación enerxética do inmoble, así como as taxas relacionadas coa súa inscrición no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, cun límite único de 150 € que será rateado en función da porcentaxe de titularidade da vivenda.

Para estes efectos, consideraranse obras de mellora de eficiencia enerxética as que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan dos permisos, autorizacións ou títulos habilitantes correspondentes.

b) Que melloren o comportamento enerxético das edificacións reducindo a demanda enerxética, mellorando o rendemento das instalacións térmicas e/ou incorporando equipos que utilicen fontes de enerxía renovable e que teñan por obxecto principal subir unha letra na escala de cualificación enerxética de emisións de CO<sub>2</sub> e na escala de consumo de enerxía primaria non renovable.

2. En relación coa letra a) do número 1, a base desta dedución estará constituída polas cantidades efectivamente satisfeitas nas obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares, mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

3. Para ter dereito a esta dedución deberá presentarse, antes de que expire o prazo para presentar a autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se remate a obra de mellora enerxética obxecto de dedución, a través da plataforma electrónica do Rexistro de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Certificado de eficiencia enerxética do edificio, unha vez executadas as obras que dan lugar a esta dedución, que debe estar inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o procedemento establecido para tal fin.

b) Informe asinado por un técnico competente que xustifique o salto de letra conseguido coas melloras, segundo o modelo que conste no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A totalidade das facturas correspondentes ás obras de mellora de eficiencia enerxética obxecto de dedución, así como as relativas á obtención do certificado de eficiencia enerxética.

d) Os xustificantes de pagamento destas facturas.

No caso de que o investimento se realice nunha vivenda unifamiliar, esta documentación será achegada polo suxeito pasivo. No caso de edificios en réxime de propiedade horizontal, será achegada polo representante legal da comunidade de propietarios, que, ademais, deberá xuntar un certificado das achegas económicas correspondentes a cada comuneiro.

4. Para poder practicarse esta dedución deberá constar na declaración tributaria do suxeito pasivo o número de inscrición do certificado de eficiencia enerxética tras a reforma no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, proporcionado polo propio Rexistro na etiqueta de eficiencia enerxética do inmovible.

5. A dedución prevista neste número é incompatible coa prevista por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinada exclusivamente ao autoconsumo.

Dezanove. Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galicia.

1. Cando o contribuínte integre na base imponible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das restantes entidades do sector público autonómico para o desenvolvemento da actividade deportiva, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, sempre e cando a actividade deportiva non xere rendementos de actividades económicas.

O importe da dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

2. Para a aplicación desta dedución é requisito imprescindible que o contribuínte teña recoñecida a condición de deportista de alto nivel segundo resolución do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencias en materia de deporte.

Vinte. Dedución por adquisición e rehabilitación de vivendas nos proxectos de aldeas modelo.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades satisfeitas no exercicio para a adquisición ou rehabilitación de vivendas, sempre que:

a) As vivendas se sitúen en terreos que se integren en proxectos de aldeas modelo, de conformidade co previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) As vivendas estean destinadas a residencia dos contribuíntes que as adquiran ou rehabiliten, xa sexa con carácter habitual ou esporádico.

A base desta dedución non poderá exceder de 9.000 euros anuais para o caso de construcións destinadas a constituír a vivenda habitual dos contribuíntes. Noutro caso, a base da dedución non poderá exceder de 4.500 euros anuais.

A base da dedución estará constituída polas cantidades satisfeitas para a adquisición ou rehabilitación da vivenda, incluídos os gastos orixinados que corresen a cargo do adquirente, e, no caso de financiamento alleo, a amortización, os xuros, o custo dos instrumentos de cobertura do risco de tipo de xuro variable dos préstamos hipotecarios regulados no artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, e demais gastos dela derivados. En caso de aplicación dos citados instrumentos de cobertura, os xuros satisfeitos polo contribuínte minoraranse nas cantidades obtidas pola aplicación do citado instrumento.

2. Para efectos da presente dedución, terán a consideración de obras de rehabilitación aquelas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.

b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución da vivenda mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25 % do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmovible no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmovible a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Esta dedución resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas previstas nos números trece e dezaioito.

## CAPÍTULO II

### Imposto sobre sucesións e doazóns

#### Sección 1.<sup>a</sup> Reducións da base imponible en adquisicións por causa de morte

Artigo 6. Reducións de carácter subxectivo<sup>7</sup>.

Un. Incompatibilidade de reducións.

As reducións contempladas nas alíneas dous e tres seguintes supoñen unha mellora con respecto ás mesmas reducións establecidas pola normativa estatal e substitúen estas. A

<sup>7</sup> Apartado 2 do artigo 6 obxecto de diversas modificacións: 1) polo artigo 2 apartado 1 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2015); 2) polo artigo 2 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247, do 28 de decembro de 2018); 3) a versión vixente, polo artigo 2 apartado un da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246, 27 de decembro de 2019).

establecida na alínea catro seguinte establécese como propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dous. Redución por parentesco.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:

a) Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000 euros.

b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 1.000.000 de euros.

c) Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo grao por consanguinidade, 16.000 euros; resto de colaterais de segundo grao, colaterais de terceiro grao e ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.

d) Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución.

Tres. Redución por discapacidade.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, aplicarase a seguinte redución:

a) Redución de 150.000 euros aos contribuíntes que teñan a consideración legal de persoas discapacitadas, cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%, de acordo co baremo ao que se refire o artigo 148 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

b) Redución do 100% da base impositiva aos contribuíntes pertencentes aos grupos I e II a que fai referencia a alínea dous anterior, conforme a normativa anteriormente citada, que acrediten un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65%, sempre que o patrimonio preexistente do contribuínte non exceda 3.000.000 de euros.

c) Redución de 300.000 euros para os contribuíntes que, conforme a normativa anteriormente citada, acrediten un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65% e non teñan dereito á redución sinalada na letra anterior.

Catro. Redución pola adquisición das indemnizacións da síndrome tóxica e por actos de terrorismo.

Cando na base impositiva dunha adquisición mortis causa se integren indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas ás persoas herdeiras dos afectados pola síndrome tóxica,



practicarase unha redución do 99% sobre os importes percibidos, con independencia das outras reducións que procedan, tendo esta carácter retroactivo, e sendo, polo tanto, de aplicación con independencia tanto da data do devengo do imposto como do recoñecemento e pagamento da indemnización.

Será aplicable a mesma porcentaxe de redución, e co mesmo carácter, nas prestacións públicas extraordinarias por actos de terrorismo percibidas polos herdeiros.

#### Artigo 7. Reducións de carácter obxectivo<sup>8</sup>.

##### Un. Incompatibilidade de reducións.

As reducións contempladas neste artigo, agás a regulada na alínea tres, son propias da comunidade autónoma e serán incompatibles, para unha mesma adquisición, entre si e coa aplicación das reducións reguladas na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, ou coas reguladas en leis especiais en relación con este imposto, sempre que fosen establecidas en consideración á natureza do ben obxecto daquelas.

##### Dous. Normas comúns.

1. As reducións previstas neste artigo non se aplicarán de oficio e deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo/contribuínte conforme o establecido no artigo 23 desta lei.

2. A porcentaxe de redución aplicarase sobre o resultado de deducir do valor do ben ou dereito o importe das cargas e dos gravames que prevé o artigo 12 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, así como a parte proporcional do importe das débedas e gastos que sexan deducibles de acordo cos artigos 13 e 14 da mesma lei, sempre que estes últimos se tivesen en conta na fixación da base imponible individual do habente causa.

3. O habente causa non poderá facer, nos períodos de mantemento establecidos en cada redución, actos de disposición ou operacións societarias que, directa ou indirectamente, poidan dar lugar a unha minoración substancial do valor de adquisición.

##### Tres. Redución por adquisición de vivenda habitual.

1. Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor da vivenda habitual do causante, e a adquisición corresponda aos seus descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade, practicarase unha redución cun límite de 600.000 euros e aplicarase a porcentaxe de redución que corresponda en función do valor real total do inmovible:

<sup>8</sup> Artigo 7 obxecto de múltiples modificacións. Por orde cronolóxico: 1) Redacción do apartados dous e oito do artigo 7 polo artigo 73 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013); 2) Redacción do apartado oito do artigo 7 pola disposición derradeira primeira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2013); 3) Redacción do apartado cinco do artigo 7 pola disposición derradeira segunda apartado un da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (DOG núm. 131, do 14 de xullo de 2015); 4) Redacción do apartado tres.1 do artigo 7 polo artigo 2 apartado dous da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2015); 5) Redacción do apartado catro do artigo 7 dada polo artigo 2 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019); 6) Redacción dos apartados cinco e seis do artigo 7 pola disposición derradeira primeira da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio de 2021); 7) Redacción da letra b) do artigo 7. Catro dada polo artigo 4 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Núm. 248, do 30 de decembro de 2022).

Valor real do inmoble	Porcentaxe de redución
Ata 150.000,00 euros	99%
De 150.000,01 a 300.000,00 euros	97%
Máis de 300.000,00	95%

Cando a adquisición corresponda ao cónxuxe, a redución será do 100 % do valor na base imponible, cun límite de 600.000 euros.

No caso do parente colateral, este deberá ser maior de 65 anos e será necesaria a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento.

Para os efectos previstos nesta alínea, entenderase que a última vivenda habitual na que se residiu non perde tal carácter cando o causante, por circunstancias físicas ou psíquicas, se trasladase para recibir coidados a un centro especializado ou a vivir cos familiares incluídos no grupo de parentesco que dá dereito a obter a redución.

2. As persoas adquirentes deberán manter a vivenda adquirida durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a vivenda en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

No caso de que se produza a venda da vivenda durante o indicado prazo e a totalidade do seu importe se reinvesta na adquisición dunha vivenda situada en Galicia que constitúa ou vaia constituír a vivenda habitual da persoa adquirente, non se perderá a redución solicitada.

3. Cando un mesmo transmitente produza a transmisión de varias vivendas habituais nun ou en varios actos, por causa de morte ou por pactos sucesorios, unicamente se poderá practicar a redución por unha soa vivenda habitual.

Catro. Redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades.

Nos casos en que na base imponible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor dunha empresa individual ou dun negocio profesional, ou de participacións en entidades ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, estea situado en Galicia e se manteña durante os cinco anos seguintes á data da devindicación do imposto.

b) Que, na data da devindicación do imposto, á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada no número 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:

b.1) Con carácter xeral, do 50 % como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o sexto grao da persoa falecida, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

b.2) Do 5 % computado de forma individual, ou do 20 % conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o sexto grao da persoa falecida, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada no número 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será aplicable, na mesma proporción, esta redución. Con todo, tamén será aplicable a redución á tesouraría, aos activos representativos da participación en fondos propios dunha entidade e da cesión de capitais a terceiros cuxo prezo de adquisición non supere o importe dos beneficios non distribuídos obtidos pola entidade, sempre que os devanditos beneficios proveñan da realización de actividades económicas, co límite do importe dos beneficios obtidos tanto no propio exercicio como nos dez exercicios anteriores. Para estes efectos, asimílanse aos beneficios procedentes de actividades económicas os dividendos que procedan dos valores de entidades participadas cando os ingresos obtidos por estas procedan, polo menos no 90 %, da realización de actividades económicas.

c) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.

d) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

e) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Cinco. Redución pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos.

1. Nos casos en que na base imponible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre esta, practícase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que na data de devindicación o causante ou o seu cónxuxe teñan a condición de persoa agricultora profesional.

b) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa causante.

c) Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

2. Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor de elementos dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa causante.

b) Que as persoas adquirentes ou os seus cónxuxes teñan a condición de persoas agricultoras profesionais en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan bens titulares dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que estean afectos os elementos que se transmiten. A condición de persoa agricultora profesional deberá terse na data de devindicación do imposto ou adquirirse no prazo dun ano, contado desde o día seguinte á data de devindicación.

O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas comporta a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumplan os requisitos.

c) Que a persoa adquirente manteña os elementos adquiridos afectos á explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do citado prazo faleza a persoa adquirente ou transmita os elementos en virtude de pacto sucesorio de acordo co previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior as dous anos anteriores á devindicación do imposto.

3. Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor de predios rústicos situados en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando estes predios sexan transmitidos no prazo de seis meses polo adquirente mortis causa a quen teña a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha

explotación agraria á cal queden afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria a que queden afectos os elementos que se transmiten. A transmisión poderáz realizarse tamén directamente a estas últimas sociedades ou ao Banco de Terras de Galicia, cos mesmos requisitos de prazos sinalados anteriormente. O tempo de afectación dos predios ou dereitos transmitidos non poderáz ser inferior a cinco anos.

Para estes efectos, equipárase a transmisión á cesión por calquera título que permita ao cesionario a ampliación da súa explotación agraria. Tamén se terá dereito á redución se os predios están xa cedidos na data de devindicación e se esta cesión se mantén nas condicións sinaladas anteriormente.

Será necesario que a explotación agraria adquirente viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Seis. Redución por adquisición de predios rústicos.

1. Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estiver incluído o valor de predios rústicos de dedicación forestal situados en terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos, e sempre que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa causante, practicarase unha redución do 95 % do mencionado valor.

As persoas adquirentes deberán manter os predios adquiridos durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro deste prazo faleza a persoa adquirente ou as transmita en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

2. Nos casos en que na base imponible dunha adquisición mortis causa estiver incluído o valor de predios rústicos, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa causante.

b) Que os predios rústicos adquiridos non se encontren en situación de abandono ou, de o estaren, mude esa situación no prazo dun ano desde a adquisición.

c) Que se manteñan os predios adquiridos á marxe dunha situación de abandono durante, polo menos, un prazo de cinco anos desde a súa adquisición ou desde o momento en que mudou a dita situación de abandono, agás que o adquirente faleza dentro deste prazo.

Para efectos da redución prevista neste número 2 entenderase por predios rústicos os que correspondan co solo rústico definido como tal no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a redución non se estenderá á parte da base liquidable que corresponda co valor da devandita construción e do solo sobre o que asenta, agás que no prazo máximo dun ano desde que tivo lugar a adquisición dos predios rústicos se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou ben os ditos predios xa estivesen adheridos a algún destes instrumentos no momento en que tivo lugar adquisición mortis causa. Nese caso, a redución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que asenten.

Unha vez rematado o prazo dun ano sen que tivese lugar a incorporación a que se refire o parágrafo anterior, no prazo dun mes o adquirente deberá presentar unha autoliquidación complementaria, incorporando á base liquidable o 99 % do valor das construcións e do solo sobre o que asentan e ingresando a contía que resulte dela e mais os correspondentes xuros de mora.

Así mesmo, para os efectos de cualificar a situación de abandono dun predio rústico atende-rase á definición de «terra agroforestal en situación de abandono» prevista no artigo 4 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Sete. Redución pola adquisición de predios forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica.

Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estean incluídas parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica, practícase unha redución do 99% do valor das devanditas parcelas sempre que se manteña a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas.

Para a aplicación desta redución deberanse xuntar á declaración do imposto os xustificantes expedidos pola consellería competente en materia de medio rural que acrediten a inclusión das devanditas parcelas na agrupación de propietarios forestais.

Oito. Redución pola adquisición de bens destinados á creación ou constitución dunha empresa ou negocio profesional.

1. Nas adquisicións mortis causa por fillos e fillas e por descendentes de calquera tipo de ben, destinado á constitución ou adquisición dunha empresa ou negocio profesional, establécese unha redución do 95 % da base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns, cun límite de 118.750 euros. No caso de que o/a habente causa acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o límite será de 237.500 euros.

Este límite é único e aplícase no caso dunha ou varias adquisicións mortis causa, sempre que sexan a favor da mesma persoa, proveñan dun ou de distintos ascendentes.

Por constitución dunha empresa ou negocio profesional entenderase o inicio do exercicio dunha actividade económica por unha persoa física ou por medio dunha das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, ou a constitución de calquera forma de sociedade que teña como obxecto a realización dunha actividade económica, sempre que o número de socios e socias ou partícipes non sexa superior a cinco, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Para os efectos da aplicación da redución, entenderase producida a constitución cando se cause alta por primeira vez no censo de empresarios/as, profesionais e retedores/as como consecuencia do establecido no artigo 3.2.a) do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria. No caso de persoas xurídicas societarias ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, os socios ou partícipes deben ser persoas físicas que non estean ou estean con anterioridade de alta no citado censo.

Por adquisición dunha empresa ou negocio profesional entenderase a adquisición do pleno dominio dun conxunto patrimonial de bens e dereitos afectos ao exercicio dunha actividade económica ou a adquisición do pleno dominio de accións ou participacións que permitan o control dunha sociedade, sen que se poida considerar como tal a adquisición de elementos illados.

Para determinar se existe actividade económica e se un elemento patrimonial está afecto a unha actividade económica, haberá que aterse ao disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas, sen que a redución sexa aplicable en ningún caso á actividade de arrendamento de inmobles nin cando a actividade principal sexa a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

2. Para a aplicación da redución deben cumprirse os seguintes requisitos:

a) A suma da base imponible total menos o mínimo persoal e familiar para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas do/a habente causa, correspondente ao último período impositivo, cuxo prazo regulamentario de declaración estivese concluído na data da devindicación da primeira transmisión hereditaria, non poderá ser superior a 30.000 euros. Na mesma data, e conforme as regras de valoración establecidas no imposto sobre o patrimonio, o patrimonio neto do/a habente causa non poderá superar o importe de 250.000 euros, excluída a súa vivenda habitual.

b) A aceptación da transmisión hereditaria deberá formalizarse en escritura pública, na cal se exprese a vontade de que, se é diñeiro, se destine á constitución ou adquisición dunha empresa ou negocio profesional, e se é un ben doutra natureza, se afecte a esa actividade. Non se poderá aplicar a redución se esta declaración non consta no documento público, nin tampouco no caso de que se fagan rectificacións do documento co fin de emendar a súa omisión, salvo que se fagan dentro do período voluntario de autoliquidación do imposto.

c) A constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional debe producirse no prazo de seis meses, contados desde a data de formalización da aceptación da transmisión hereditaria. No caso de haber varias, o prazo computarase desde a data da primeira. A redución

non se aplicará ás transmisións hereditarias de diñeiro posteriores á constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional, agás nos supostos de pagamento aprazado ou financiamento alleo para a constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional que tivese lugar nos corenta e dous meses anteriores á transmisión hereditaria, sempre que se acredite que no prazo de seis meses o importe do diñeiro se destinou ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito. No caso de que se trate de bens distintos de diñeiro, a afectación do devandito ben á actividade debe producirse no prazo de seis meses, contados desde a constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional, e deberá manterse por un prazo de catro anos desde a afectación. Non se entenderá que se incumpre este requisito se o ben se cambia por outro de igual ou superior valor.

d) O centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, debe estar situado en Galicia e manterse durante os catro anos seguintes á data da devindicación do imposto.

e) Neste período de catro anos deberanse formalizar e manter un contrato laboral e a xornada completa, cunha duración mínima dun ano e con alta no réxime xeral da Seguridade Social, con persoas con residencia habitual en Galicia distintas do/a contribuínte que aplique a redución e dos socios e socias ou partícipes da empresa ou do negocio profesional, agás no caso de sociedades laborais e sociedades cooperativas.

f) Durante o mesmo prazo deberán manterse a actividade económica e o nivel de investimento que se tome como base da redución.

## Sección 2.<sup>a</sup> Reducións na base imponible en adquisicións lucrativas entre vivos

Artigo 8. Reducións de carácter obxectivo<sup>9</sup>.

Un. Incompatibilidade de reducións.

As reducións contempladas neste artigo son propias da comunidade autónoma, sendo incompatibles, para unha mesma adquisición, entre si e coa aplicación das reducións reguladas na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, ou coas consideradas en leis especiais en relación con este imposto sempre que fosen establecidas en consideración á natureza do ben obxecto daquelas.

Dous. Normas comúns.

1. As reducións previstas neste artigo non se aplicarán de oficio e deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo/contribuínte conforme o establecido no artigo 23 desta lei.

<sup>9</sup> Artigo 8 obxecto de numerosas modificacións. Por orde cronolóxico: 1) Redacción do apartados dous e oito do artigo 8 polo artigo 73 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013); 2) Redacción do apartado oito pola disposición derradeira primeira apartado catro da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2013); 3) Redacción do apartado catro do artigo 8 polo artigo 68 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2013); 4) Redacción do apartado cinco nova do artigo 8 dada pola disposición derradeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (DOG núm. 131, do 14 de xullo de 2015); 5) Redacción do apartado catro do artigo 8 polo artigo 2 apartado tres da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019); 6) Redacción do apartado cinco e adición do apartado nove por disposición derradeira primeira da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio de 2021); 7) Redacción da letra d) do artigo 8. Catro dada polo artigo 5 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Núm. 248, do 30 de decembro de 2022).



2. A porcentaxe de redución aplicarase sobre o resultado de deducir do valor do ben ou dereito o importe das cargas e dos gravames que prevé o artigo 12 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, así como a parte proporcional do importe das débedas que sexan deducibles de acordo co artigo 17 da mesma lei, sempre que estes últimos se tivesen en conta na fixación da base impoñible individual do habente causa.

3. O habente causa non poderá facer actos de disposición ou operacións societarias que, directa ou indirectamente, poidan dar lugar a unha minoración substancial do valor de adquisición.

Tres. Redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia.

Nas doazóns a fillos e descendentes de diñeiro destinado á adquisición da súa vivenda habitual aplicarase unha redución do 95% da base impoñible do imposto, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) A persoa donataria deberá ser menor de 35 anos ou muller vítima de violencia de xénero. No primeiro caso débese tratar da adquisición da súa primeira vivenda habitual. No segundo, non debe ser titular doutra vivenda.

b) O importe da doazón non poderá superar os 60.000 euros. Este límite é único e aplícase tanto no caso dunha soa doazón como no caso de doazóns sucesivas, sempre que se outorguen a favor da mesma persoa donataria, proveñan dun ou de distintos ascendentes. No caso de que o importe da doazón ou doazóns a que se refire este artigo excedese esta cantidade, non haberá dereito a ningunha redución.

c) A suma da base impoñible total menos o mínimo persoal e familiar para efectos do IRPF do donatario, correspondente ao último período impositivo, cuxo prazo regulamentario de declaración estea concluído na data do devengo da primeira doazón, non poderá ser superior a 30.000 euros.

d) A doazón débese formalizar en escritura pública en que se exprese a vontade de que o diñeiro doado se destine á adquisición da vivenda habitual da persoa donataria. No caso dos menores de 35 anos, deberá constar tamén que se trata da súa primeira vivenda habitual. Esta declaración de vontade deberá ser simultánea á doazón.

e) A persoa donataria deberá adquirir unha vivenda situada en Galicia nos seis meses seguintes á doazón. No caso de haber varias doazóns, o prazo computarase desde a data da primeira doazón. A redución non se aplicará a doazóns de diñeiro posteriores á compra da vivenda, agás nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo, sempre que se acredite que o importe do diñeiro doado se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito, co prazo, límites e requisitos establecidos nas alíneas anteriores, agás no xeito de computar o prazo de seis meses, que se fará para cada doazón.

f) A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Catro. Redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades.

Nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, sempre que concorran as seguintes condicións:

a) Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se encontre en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.

b) Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións no prazo dun ano desde o momento da transmisión.

Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera perenza ao consello de administración da sociedade.

c) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data da devindicación do imposto.

d) Que, na data da devindicación do imposto, á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada no número 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:

d.1) Con carácter xeral, do 50 % como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o sexto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

d.2) Do 5 % computado de forma individual, ou do 20 % conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o sexto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada no número 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será aplicable, na mesma proporción, esta redución. Con todo, tamén será aplicable a redución á tesouraría, aos activos representativos da participación en fondos propios dunha entidade e da cesión de capitais a terceiros cuxo prezo de adquisición non supere o importe dos beneficios non distribuídos obtidos pola entidade, sempre que os devanditos beneficios proveñan da realización de actividades económicas, co límite do importe dos beneficios obtidos tanto no propio exercicio como nos dez exercicios anteriores. Para estes efectos, asimílanse aos beneficios procedentes de actividades económicas os dividendos que procedan dos valores de entidades participadas

cando os ingresos obtidos por estas procedan, polo menos no 90 %, da realización de actividades económicas.

e) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.

f) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo, excepto que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia. No suposto de que a persoa doadora non deixar de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das funcións de dirección no prazo do ano a que se refire a letra b) non será tida en conta para determinar o grupo de parentesco para os efectos do cumprimento na persoa adquirente dos requisitos de exercicio de funcións directivas e remuneracións polo devandito exercicio.

g) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Cinco. Redución pola adquisición de explotacións agrarias e predios rústicos.

Nos casos de transmisións de participacións inter vivos dunha explotación agraria ou predios rústicos situados en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, sempre e cando concorran as seguintes condicións:

a) Que a persoa doadora teña 65 ou máis anos ou estea en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.

b) Que na data da devindicación a persoa doadora teña a condición de agricultora profesional e perdesse tal condición como consecuencia da doazón.

c) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa doadora.

d) Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria ou predio rústico e a súa condición de persoa agricultora profesional durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do dito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio de conformidade co previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

e) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Seis. Redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica, de participaci3ns en entidades e de explotacións agrarias nos pactos sucesorios.

No caso dos feitos impositivos recollidos na alínea a) do artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesi3ns e doazi3ns, nos cales non se produza o falecemento do transmitente, os requisitos para a aplicaci3n da reduci3n pola adquisici3n de bens e dereitos afectos a unha actividade económica, de participaci3ns en entidades e de explotacións agrarias ser3n os establecidos para as adquisici3ns inter vivos.

Sete. Reduci3n pola adquisici3n de predios forestais que formen parte da superficie de xesti3n e comercializaci3n conxunta de produci3ns que realicen agrupaci3ns de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica.

Cando na base impositiva dunha adquisici3n lucrativa inter vivos estean incluídas parcelas forestais que formen parte da superficie de xesti3n e comercializaci3n conxunta de produci3ns que realicen agrupaci3ns de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica, practicarase unha reduci3n do 99% do valor das devanditas parcelas sempre que se manteña a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupaci3n de permanencia obrigatoria na xesti3n conxunta das parcelas.

Para a aplicaci3n desta reduci3n deberase xuntar 3 declaraci3n do imposto os xustificantes expedidos pola consellería competente en materia de medio rural que acrediten a inclusi3n das devanditas parcelas na agrupaci3n de propietarios forestais.

Oito. Reduci3n pola adquisici3n de bens destinados 3 creaci3n dunha empresa ou negocio profesional.

1. Nas doazi3ns a fillos e fillas e descendentes de calquera tipo de ben, destinado 3 constituci3n ou adquisici3n dunha empresa ou negocio profesional, establécese unha reduci3n do 95 % da base impositiva do imposto sobre sucesi3ns e doazi3ns, cun límite de 118.750 euros. No caso de que a persoa que recibe a doazi3n acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o límite ser3 de 237.500 euros.

Este límite 3 único e aplícase tanto no caso dunha soa doazi3n coma no caso de doazi3ns sucesivas, sempre que se outorguen a favor da mesma persoa, proveñan dun ou de distintos ascendentes.

Por constituci3n dunha empresa ou negocio profesional entenderase o inicio do exercicio dunha actividade económica por unha persoa física ou por medio dunha das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, ou a constituci3n de calquera forma de sociedade que teña como obxecto a realizaci3n dunha actividade económica, sempre que o número de socios e socias ou partícipes non sexa superior a cinco, ag3s no caso de sociedades laborais e sociedades cooperativas.

Para os efectos da aplicaci3n da reduci3n, entenderase producida a constituci3n cando se cause alta por primeira vez no censo de empresarios/as, profesionais e retedores/as como consecuencia do establecido no artigo 3.2.a) do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que

se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria. No caso de persoas xurídicas societarias ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, os socios e socias ou partícipes deben ser persoas físicas que non estean ou estean con anterioridade de alta no citado censo.

Por adquisición dunha empresa ou negocio profesional entenderase a adquisición do pleno dominio dun conxunto patrimonial de bens e dereitos afectos ao exercicio dunha actividade económica ou a adquisición do pleno dominio de accións ou participacións que permitan o control dunha sociedade, sen que se poida considerar como tal a adquisición de elementos illados.

Para determinar se existe actividade económica e se un elemento patrimonial está afecto a unha actividade económica, haberá que aterse ao disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas, sen que a redución sexa aplicable en ningún caso á actividade de arrendamento de inmobles nin cando a actividade principal sexa a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

2. Para a aplicación da redución deben cumprirse os seguintes requisitos:

a) A suma da base imponible total menos o mínimo persoal e familiar para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas da persoa que recibe a doazón, correspondente ao último período impositivo, cuxo prazo regulamentario de declaración estivese concluído na data da devindicación da primeira doazón, non poderá ser superior a 30.000 euros. Na mesma data, e conforme as regras de valoración establecidas no imposto sobre o patrimonio, o patrimonio neto deste non poderá superar o importe de 250.000 euros, excluída a súa vivenda habitual.

b) A aceptación da transmisión deberá formalizarse en escritura pública, na cal se exprese a vontade de que, se é diñeiro, se destine á constitución ou adquisición dunha empresa ou negocio profesional, e se é un ben doutra natureza, se afecte a esa actividade. Non se poderá aplicar a redución se esta declaración non consta no documento público, nin tampouco no caso de que se fagan rectificacións do documento co fin de emendar a súa omisión, salvo que se fagan dentro do período voluntario de autoliquidación do imposto.

c) A constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional debe producirse no prazo de seis meses, contados desde a data de formalización da doazón. En caso de haber varias doazóns, o prazo computarase desde a data da primeira doazón. A redución non se aplicará ás doazóns de diñeiro posteriores á constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional, agás nos supostos de pagamento aprazado ou financiamento alleo para a constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional que tivese lugar nos corenta e dous meses anteriores á doazón, sempre que se acredite que no prazo de seis meses o importe do diñeiro se destinou ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito. No caso de que se trate de bens distintos de diñeiro, a afectación do devandito ben á actividade debe producirse no prazo de seis meses, contados desde a constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional, e deberá manterse por un prazo de catro anos desde a afectación. Non se entenderá que se incumpre este requisito se o ben se cambia por outro de igual ou superior valor.

d) O centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, debe estar situado en Galicia e manterse durante os catro anos seguintes á data da devindicación do imposto.

e) Neste período de catro anos deberanse formalizar e manter un contrato laboral e a xornada completa, cunha duración mínima dun ano e con alta no réxime xeral da Seguridade Social, con persoas con residencia habitual en Galicia distintas do/a contribuínte que aplique a redución e dos socios e socias ou partícipes da empresa ou do negocio profesional, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

f) Durante o mesmo prazo deberán manterse a actividade económica e o nivel de investimento que se tome como base da redución.

Nove. Redución por adquisición de predios rústicos.

Nos casos en que na base imponible dunha adquisición lucrativa inter vivos estea incluído o valor de predios rústicos, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concurran as seguintes circunstancias:

a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa doadora.

b) Que a adquisición se formalice en escritura pública.

c) Que os predios rústicos adquiridos non estean en situación de abandono ou, de o estaren, mude esa situación no prazo dun ano desde a adquisición.

d) Que se manteñan os predios adquiridos á marxe dunha situación de abandono durante, polo menos, un prazo de cinco anos desde a súa adquisición ou desde o momento en que mudou a dita situación de abandono, agás que o adquirente faleza antes deste prazo.

Para efectos desta redución entenderase por predios rústicos os que se correspondan co solo rústico definido como tal no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a redución non se estenderá á parte da base liquidable que corresponda co valor da devandita construción e do solo sobre o que asenta, agás que no prazo máximo dun ano desde que tivo lugar a adquisición dos predios rústicos se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou ben os ditos predios xa estivesen adheridos a algún destes instrumentos no momento en que tivo lugar a adquisición lucrativa inter vivos. Nese caso, a redución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que asenten.

Unha vez rematado o prazo dun ano sen que tivese lugar a incorporación a que se refire o parágrafo anterior, no prazo dun mes o adquirente deberá presentar unha autoliquidación

complementaria, incorporando á base liquidable o 99 % do valor das construcións e do solo sobre o que asentan e ingresando a contía que resulte desta e mais os correspondentes xuros de mora.

Así mesmo, para os efectos de cualificar a situación de abandono dun predio rústico atende-rase á definición de «terra agroforestal en situación de abandono» prevista no artigo 4 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

### Sección 3.ª Débeda tributaria

#### Artigo 9. Tarifa.

A cota íntegra do imposto sobre sucesións e doazóns obtérase aplicando á base liquidable os tipos de gravame seguintes en función dos graos de parentesco sinalados no artigo 6.dous deste texto refundido:

a) No caso dos feitos impositivos contemplados nas alíneas a e c do artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, e sempre que os suxeitos pasivos estean incluídos nos grupos I e II do artigo 6.dous deste texto refundido, aplicarase a seguinte tarifa:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra (euros)	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	50.000	5%
50.000	2.500	75.000	7%
125.000	7.750	175.000	9%
300.000	23.500	500.000	11%
800.000	78.500	800.000	15%
1.600.000	198.500	En diante	18%

b) No caso dos feitos impositivos recollidos na alínea b) do artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, e sempre que os suxeitos pasivos estean incluídos nos grupos I e II do artigo 6.dous deste texto refundido e a doazón se formalice en escritura pública, aplicarase a seguinte tarifa:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra (euros)	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	200.000	5%
200.000	10.000	400.000	7%
600.000	38.000	En diante	9%

c) No caso de non se cumpriren os requisitos establecidos nesta letra, será de aplicación a tarifa sinalada na alínea anterior.

d) No caso dos feitos impositivos contemplados nas alíneas a, b e c do artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, e sempre suxeitos pasivos estean incluídos nos grupos III e IV do artigo 6.dous deste texto refundido, aplicarase a seguinte tarifa:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra (euros)	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0,00	0,00	7.993,46	7,65%
7.993,46	611,50	7.987,45	8,50%
15.980,91	1.290,43	7.987,45	9,35%
23.968,36	2.037,26	7.987,45	10,20%
31.955,81	2.851,98	7.987,45	11,05%
39.943,26	3.734,59	7.987,46	11,90%
47.930,72	4.685,10	7.987,45	12,75%
55.918,17	5.703,50	7.987,45	13,60%
63.905,62	6.789,79	7.987,45	14,45%
71.893,07	7.943,98	7.987,45	15,30%
79.880,52	9.166,06	39.877,15	16,15%
119.757,67	15.606,22	39.877,16	18,70%
159.634,83	23.063,25	79.754,30	21,25%
239.389,13	40.011,04	159.388,41	25,50%
398.777,54	80.655,08	398.777,54	29,75%
797.555,08	199.291,40	En diante	34,00%

#### Artigo 10. Cota tributaria.

A cota tributaria polo imposto sobre sucesións e doazóns obterase aplicando á cota íntegra o coeficiente multiplicador que corresponda dos que se indican a seguir, establecidos en función do patrimonio preexistente do contribuínte e do grupo, segundo o grao de parentesco sinalado no artigo 6.dous deste texto refundido:

Patrimonio preexistente Euros	I e II	III	IV
De 0 a 402.678,11	1	1,5882	2
De máis de 402.678,11 a 2.007.380,43	1	1,6676	2,1
De máis de 2.007.380,43 a 4.020.770,98	1	1,7471	2,2
Máis de 4.020.770,98	1	1,9059	2,4

#### Artigo 11. Deducións na cota tributaria<sup>10</sup>

Nas adquisicións mortis causa por suxeitos pasivos incluídos no Grupo I do artigo 6.Dous do presente texto refundido, incluídas as cantidades percibidas polas persoas beneficiarias de seguros sobre a vida, practícarase unha dedución do 99 % do importe da cota.

### Sección 4.<sup>a</sup> Normas comúns ás adquisicións por causa de morte e entre vivos

#### Artigo 12. Tratamento fiscal das unións estables de parella.

Para os efectos da aplicación deste texto refundido, equipáranse ao matrimonio as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.

<sup>10</sup> Redacción do artigo 11 dada polo artigo 2 apartado tres da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2015).



## CAPÍTULO III

### Imposto sobre o patrimonio

Artigo 13. Mínimo exento<sup>11</sup>.

O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 700.000 euros.

Artigo 13 bis. Cota íntegra<sup>12</sup>

A base liquidable do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidable ata euros	Cota euros	Resto base liquidable ata euros	Tipo aplicable porcentaxe
0,00	0,00	167.129,45	0,20
167.129,45	334,26	167.123,43	0,30
334.252,88	835,63	334.246,87	0,50
668.499,75	2.506,86	668.499,76	0,90
1.336.999,51	8.523,36	1.336.999,50	1,30
2.673.999,01	25.904,35	2.673.999,02	1,70
5.347.998,03	71.362,33	5.347.998,03	2,10
10.695.996,06	183.670,29	En adiante	2,50

».

Artigo 13 ter. Deducións na cota do imposto sobre o patrimonio<sup>13</sup>

Un. Dedución por creación de novas empresas ou ampliación da actividade de empresas de recente creación.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible figura algún ao que se lle aplicaron as deducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas relativas á creación de novas empresas ou ampliación da actividade de empresas de recente creación, ou investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 75 %, cun límite de 4.000 euros por suxeito pasivo, na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos mencionados bens ou dereitos. O incumprimento dos requisitos previstos nas deducións do imposto sobre a renda das persoas físicas determinará a perda desta dedución.

Esta dedución será incompatible coas establecidas nos números Dous e Cinco seguintes.<sup>14</sup>

11 Redacción do artigo 13 dada polo artigo 2 da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011).

12 Artigo 13 bis engadido polo artigo 72 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013). Posteriormente, redacción do artigo 13 bis dada polo artigo 3 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247, do 28 de decembro de 2018).

13 Artigo 13 ter engadido pola disposición derradeira primeira apartado cinco da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2013). Posteriormente: 1) Redacción do artigo 13 ter dada polo artigo 2 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 245, 28 de decembro de 2017); 2) Redacción vixente do artigo 13 ter dada pola disposición derradeira primeira da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio de 2021).

14 Redacción do número Un dada polo artigo 2 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2021).

Dous. Dedución por investimentos en empresas agrarias.

1. Os contribuíntes poderán aplicar unha dedución do 100 % da parte da cota do imposto que proporcionalmente corresponda ao valor dos seguintes bens ou dereitos:

a) Participacións no capital social de:

1º. Sociedades de fomento forestal reguladas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

2º. Entidades agrarias, cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra que teñan por obxecto exclusivo actividades agrarias.

3º. As entidades que teñan por obxecto a mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia ao abeiro dos instrumentos previstos na Lei 11/2021, do 14, de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) Préstamos realizados a favor das mesmas entidades citadas na letra a) anterior, así como garantías que o contribuínte constitúa persoalmente a favor destas entidades.

c) Participacións dos socios capitalistas en contas en participación constituídas para o desenvolvemento de actividades agrarias e nas que o partícipe xestor sexa algunha das entidades citadas na letra a) anterior.

No caso de participacións no capital social de entidades, a dedución só se aplicará ao valor destas, determinado segundo as regras deste imposto, na parte que corresponda á proporción existente entre os activos necesarios para o exercicio da actividade agraria, minorados no importe das débedas derivadas desta, e o valor do patrimonio neto da entidade. Para determinar esta proporción tomarase o valor que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflicta fielmente a verdadeira situación patrimonial da entidade.

No caso de préstamos ou participacións en contas en participación, a dedución só se aplicará ao importe que financie a actividade agraria da entidade, entendéndose que financian esta actividade na parte que resulte de aplicar á súa contía total a proporción determinada conforme o previsto no parágrafo anterior.

2. Para ter dereito a esta dedución deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Os investimentos aos que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

b) Os investimentos realizados deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de cinco anos, computado a partir do día seguinte á data en que se formalice a operación en escritura pública. No caso de operacións de financiamento, o prazo de vencemento deberá ser superior ou igual a cinco anos, sen que se poida amortizar unha cantidade

superior ao 20 % anual do importe do principal. Durante ese mesmo prazo de cinco anos deben manterse as garantías constituídas.

3. Esta dedución será incompatible coa aplicación para os mesmos bens ou dereitos das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a dita exención sexa parcial.

Tres. Dedución pola afectación de terreos rústicos a unha explotación agraria e arrendamento rústico.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúren terreos rústicos afectos a unha explotación agraria, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, sempre que estean afectos á explotación agraria polo menos durante a metade do ano natural correspondente á devindicación.

A explotación agraria deberá estar inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Tamén terán dereito a esta dedución aqueles contribuíntes que cedan en arrendamento os terreos rústicos por igual período temporal, de acordo coas condicións establecidas na Lei 49/2003, do 26 de novembro, de arrendamentos rústicos.

Esta dedución será incompatible coa aplicación para os mesmos bens ou dereitos das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a dita exención sexa parcial.

Catro. Dedución pola afectación a actividades económicas de inmobles en centros históricos.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúren bens inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, sempre que estean afectos a unha actividade económica polo menos durante a metade do ano natural correspondente á devindicación.

Esta dedución será incompatible coa aplicación para os mesmos bens das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a dita exención sexa parcial.

Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro.

Cinco. Dedución pola participación nos fondos propios de entidades que exploten bens inmobles en centros históricos.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúren participacións nos fondos propios de entidades en cuxo activo se

atopen bens inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda ás devanditas participacións, sempre que os devanditos bens estean afectos a unha actividade económica polo menos durante a metade do ano natural correspondente á devindicación.

A dedución só atanguerá o valor das participacións, determinado segundo as regras deste imposto, na parte que corresponda á proporción existente entre os devanditos bens inmobles, minorados no importe das débedas destinadas a financeiros, e o valor do patrimonio neto da entidade. Para determinar a devandita proporción tomarase o valor que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflecta fielmente a verdadeira situación patrimonial da sociedade.

Esta dedución será incompatible coa aplicación para os mesmos bens das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a dita exención sexa parcial.

Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro.

Seis. Dedución por incorporación de bens e dereitos aos instrumentos de mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúsen bens incorporados a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, sempre que a citada adscrición se manteña durante un prazo de, polo menos, cinco anos.

Os citados bens e dereitos deberán estar inscritos nos rexistros que resulten de aplicación, conforme o previsto na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Esta dedución será incompatible coa aplicación para os mesmos bens ou dereitos das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a dita exención sexa parcial.

#### Artigo 13 quater. *Bonificación na cota íntegra*

Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 50 % do seu importe.<sup>15</sup>

<sup>15</sup> Artigo 13 quater introducido polo artigo 2 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2021). Redacción vixente do artigo 13 quater dada polo artigo 6 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Núm. 248, do 30 de decembro de 2022).

## CAPÍTULO IV

### Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

#### Sección 1.<sup>a</sup> Tipos de gravame

Artigo 14. Tipo de gravame na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas<sup>16</sup>.

Un. Tipo de gravame xeral.

1. Con carácter xeral, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable á transmisión de bens inmobles, así como na constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre estes, agás os dereitos reais de garantía, será do 9 %.<sup>17</sup>

2. Con carácter xeral, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo aplicable á transmisión de bens mobles e semoventes, así como na constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre estes, agás os dereitos reais de garantía, será do 8 %.

3. Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, a cota tributaria correspondente á transmisión de automóviles turismo e todoterreos, cun uso igual ou superior a quince anos, será a seguinte:

Cilindrada do vehículo (centímetros cúbicos)	Cota (euros)
Ata 1.199	22
De 1.200 a 1.599	38

Dous. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 7 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o

<sup>16</sup> Artigo 14 obxecto de numerosas modificacións. Por orde cronolóxico: 1) Redacción do artigo 14 dada polo artigo 74 apartado un da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013); 2) Apartados dous, tres, catro, cinco e seis do artigo 14 suprimidos por artigo 3 apartado un da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2015); 3) Redacción dos apartados dous, tres, catro e cinco do artigo 14 polo artigo 4 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247, do 28 de decembro de 2018); 4) Apartado sete do artigo 14 engadido polo artigo 3 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246, 27 de decembro de 2019); 5) Apartado oito do artigo 14 engadido polo artigo 2 apartado un da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2021).

<sup>17</sup> Redacción do número 1 dada polo artigo 3 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2021).

patrimonio referidas á data da adquisición do inmovible, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

2. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

3. No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Tres. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por discapacitados.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmovibles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa unha persoa discapacitada física, psíquica ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % e destine o inmovible adquirido á súa vivenda habitual.

2. No momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental adecuada e suficiente da condición de discapacidade e do grao de discapacidade, consonte o disposto no artigo 3.Tres deste texto refundido.

3. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

4. No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Catro. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de

inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición con título oficial en vigor e destine o inmovible adquirido a vivenda habitual da súa familia.

2. Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non exceda a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmovible, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor desta nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

5. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

6. No caso de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Cinco. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por menores de 36 anos.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente teña unha idade inferior a 36 anos.

2. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, se é o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o

patrimonio referidas á data da adquisición do inmovible, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor desta nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

5. No caso de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Seis. Tipo de gravame aplicable á transmisión de embarcacións de lecer e motores mariños.

No imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de embarcacións de lecer e motores mariños será do 1 %.

Sete. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivendas nas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmovibles de uso vivenda que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais ás que se refire o número sete do artigo 16 será do 6 %. Se ademais se trata da vivenda habitual do contribuínte e se cumpren os requisitos establecidos no número Dous do presente artigo, o tipo de gravame será do 5 %.

Oito. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmovibles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente se encuentre nalgunha das situacións de violencia de xénero descritas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



2. A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na lei sinalada no apartado anterior.

3. Que o prezo da vivenda non exceda os 150.000 euros.

4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

5. No caso de que o inmovible fose adquirido por varias persoas e non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

#### Artigo 15. Tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados<sup>18</sup>

Un. Tipo de gravame xeral nos documentos notariais.

Con carácter xeral, nas primeiras copias de escrituras ou actas notariais suxeitas á modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable será do 1,5 %.

Dous. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento.

Na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento será do 1 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non supere a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se

<sup>18</sup> Artigo 15 obxecto de numerosas modificacións. Por orde cronolóxico: 1) Redacción do apartado dous do artigo 5 polo artigo 3, apartado un, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011); 2) Redacción do artigo 15 polo artigo 74 apartado dous da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013); 3) Apartados dous.3, catro.3 e cinco.3 do artigo 15 suprimidos por artigo 3, apartado un, da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2015); 4) Apartado oitodo artigo 15 engadido polo artigo 2, apartado dous, da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2021).

destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

2. A adquisición da vivenda ou a constitución do préstamo ou crédito hipotecario deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

4. No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Tres. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por discapacitados e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento.

Na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento será do 0,5 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que na data de devengo do imposto o adquirente sexa unha persoa discapacitada física, psíquica ou sensorial cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 % e destine o inmovible adquirido á súa vivenda habitual.

2. No momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental adecuada e suficiente da condición de discapacidade e do grao de minusvalidez consoante o disposto no artigo 3.Tres deste texto refundido.

3. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

4. No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Catro. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento.

Na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición de vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento será do 0,5 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que na data de devengo do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición co título oficial en vigor e destine o inmovible adquirido á vivenda habitual da súa familia.

2. Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non supere a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

5. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

6. No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Cinco. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento.

Na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento, será do 0,5 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que na data de devengo do imposto o adquirente teña unha idade inferior a trinta e seis anos.

2. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non supere a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o

patrimonio referidas á data da adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

5. No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Seis. Tipo de gravame para as sociedades de garantía recíproca.

Na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras ou actas notariais que formalicen a constitución, modificación e cancelación de dereitos reais de garantía, cando o suxeito pasivo sexa unha sociedade de garantía recíproca con domicilio social no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será do 0,1 %.

Sete. Tipo de gravame no caso de renuncia á exención no imposto sobre o valor engadido.

Na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten transmisións de bens inmovibles en que se renunciase á exención do imposto sobre o valor engadido, tal e como se prevé no artigo 20.Dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, será do 2 %.

Oito. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero.

Na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento será do 0,5 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente se encontre nalgunha das situacións de violencia de xénero descritas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
2. A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na lei sinalada no apartado anterior.
3. Que o prezo da vivenda non exceda os 150.000 euros.
4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
5. No caso de que o inmovible fose adquirido por varias persoas e non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumbran.

## Sección 2.<sup>a</sup> Deducións e bonificacións na cota íntegra

Artigo 16. Deducións e bonificacións na cota íntegra na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas<sup>19</sup>.

Un. Bonificación aplicable aos arrendamentos de vivenda.

Establécese, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, unha bonificación na cota do 100% para aqueles arrendamentos de vivenda que se realicen entre particulares con intermediación do Instituto Galego da Vivenda e Solo ao abeiro de programas de fomento do aluguer.

Dous. Dedución por arrendamento de predios rústicos.

Establécese unha dedución na cota do 100 % na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, no suposto de arrendamento de predios rústicos, sempre que as persoas arrendatarias teñan a condición de agricultores profesionais en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas, ou de silvicultores activos, e sexan titulares dunha explotación agraria á cal queden afectos os elementos obxecto do alugamento, ou ben socios dunha sociedade agraria de transformación,

<sup>19</sup> Artigo 16 obxecto de numerosas modificacións. Por orde cronolóxico: 1) Redacción do apartado tres do artigo 16 dada polo artigo 3 apartado catro da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011); 2) Apartado seis do artigo 16 engadido polo artigo 69 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2013); 3) Redacción do apartado tres do artigo 16 pola disposición derradeira segunda apartado tres da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de melloira da estrutura territorial agraria de Galicia (DOG núm. 131, do 14 de xullo de 2015); 4) Redacción dos apartados tres.1, sete e oito polo artigo 3 apartado dous, tres e catro, da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2015); 5) Supresión dos apartados cinco e seis do artigo 16, reenumeración das restantes deducións e adición do apartado sete polo artigo 1 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017); 6) Apartado oito do artigo 16 engadido polo artigo 3 apartado un da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 245, 28 de decembro de 2017); 7) Redacción do apartado sete do artigo 16 polo artigo 2, apartado tres, da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2021); 8) Apartado nove do artigo 16 engadido por disposición derradeira primeira, apartado un, da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021); 9) Redacción dos apartados dous, tres, cinco e dez do artigo 16 pola disposición derradeira primeira, apartados quince, dezaseis, dezasete e dezaioito, da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio de 2021).

cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que queden afectos os elementos arrendados.

Tamén se establece unha dedución na cota do 100 % na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para os arrendamentos ou cesións temporais de predios rústicos que se leven a cabo para a súa incorporación a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Tres. Dedución aplicable á transmisión, ao arrendamento ou á cesión temporal de terreos incorporados ao Banco de Terras de Galicia.

1. As transmisións en propiedade, o arrendamento ou a cesión temporal de terreos en que interveña o Banco de Terras de Galicia, conforme o previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, gozarán dunha dedución na cota tributaria do 100 % no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Este beneficio fiscal será incompatible con calquera outro que poida ser aplicable a esas adxudicacións ou ao encargo de mediación.

2. A aplicación do devandito beneficio fiscal quedará condicionada ao mantemento, durante un período mínimo de cinco anos, do destino agrario do terreo, salvo nos supostos de expropiación para a construción de infraestruturas públicas ou para a edificación de instalacións ou construcións asociadas á explotación agraria.

3. No caso de incumprimento da devandita condición, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de mora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo dun mes desde o incumprimento da condición.

Catro. Dedución pola adquisición de parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica.

Establécese unha dedución na cota do 100% no imposto de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados para as transmisións onerosas de parcelas forestais incluídas na superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica sempre que esas transmisións sexan realizadas entre membros delas ou ben con terceiros que se integren nelas e manteñan a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas.

A dedución quedará condicionada á presentación, no prazo de declaración, dos xustificantes expedidos pola consellería competente en materia de medio rural que acrediten a inclusión das devanditas parcelas na agrupación de propietarios forestais.

Cinco. Dedución aplicable ás transmisións de solo rústico.

Ás transmisións inter vivos de solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 % da cota. Para estes efectos, entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a dedución non se estenderá á parte da cota que corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que asenta, agás que se trate de transmisións de predios rústicos que no prazo máximo dun ano desde que tivo lugar a súa adquisición se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou que xa estean adheridas a algún destes instrumentos. Nese caso, a dedución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que asenten.

No caso de incumprimento da devandita condición, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de mora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo dun mes desde o incumprimento da condición.

Seis. Dedución aplicable ás transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario.

Cando á base imponible dunha transmisión onerosa lle sexa de aplicación algunha das reducións previstas na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, aplicaráselle unha dedución na cota polo importe necesario para que o dito beneficio fiscal alcance o 100 % do valor do ben obxecto de redución.

Sete. Dedución por adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais.

Os contribuíntes que teñan dereito a aplicar os tipos de gravame reducidos regulados nos apartados Tres, Catro, Cinco e Oito do artigo 14 terán dereito a unha dedución na cota do 100 % sempre que a vivenda se encontre nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Para estes efectos, unha orde da consellaría competente en materia de facenda determinará as parroquias que teñan esta consideración.

Oito. Dedución para a promoción de solo industrial.

Terán dereito a unha dedución do 100 % na cota as compras de solo para a promoción de solo industrial realizadas por entidades instrumentais do sector público que teñan entre as súas funcións ou obxecto social a dita finalidade.

Novo. Beneficios fiscais nas transmisións patrimoniais onerosas que afecten a adquisición de inmobles

1. Establécese unha dedución na cota do 100 % na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados,

respecto das adquisicións onerosas de inmobles que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado sete deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) O inmovible deberá ser afectado ao desenvolvemento dunha actividade económica no prazo dun ano desde a súa adquisición. Para determinar se existe actividade económica e se o inmovible está afecto á devandita actividade económica será de aplicación o disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas, sen que sexa de aplicación en ningún caso á actividade de arrendamento de inmobles nin cando a actividade principal a que se afecte o inmovible sexa a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.Oito. Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

b) A empresa deberá ter a consideración de empresa de reducida dimensión, de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

c) Durante os vinte e catro meses seguintes á data da adquisición deberase realizar unha ampliación do persoal medio da empresa de, polo menos, unha persoa con respecto ao persoal medio dos doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutros vinte e catro meses. O incremento de persoal requirido nesta letra deberá ter como centro de traballo o inmovible adquirido obxecto desta dedución.

d) A adquisición deberá formalizarse nun documento público, no cal se fará constar expresamente a finalidade de afectar o inmovible á actividade económica. Non se poderá aplicar esta dedución se esta declaración non consta no documento público, nin tampouco no caso de que se fagan rectificacións do documento co fin de emendar a súa omisión, salvo que se fagan dentro do período voluntario de autoliquidación do imposto.

2. A dedución na cota será do 50 % respecto das adquisicións onerosas de inmobles que se encontren nas parroquias que non teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado sete deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as circunstancias indicadas no número anterior.

3. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas implica a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos.

Dez. Dedución aplicable ás transmisións de elementos afectos a explotacións agrarias.

Aplicarase unha dedución do 100 % da cota do imposto que puider devindicarse como consecuencia das transmisións inter vivos do pleno dominio ou do usufruto de elementos afectos a unha explotación agraria, xa sexa como consecuencia da súa transmisión individualizada ou con ocasión da transmisión inter vivos do pleno dominio ou do usufruto dunha explotación agraria na súa integridade.



A aplicación desta dedución quedará condicionada á concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a adquisición se formalice en escritura pública.
- b) Que os elementos adquiridos se manteñan afectos á explotación agraria durante un prazo de cinco anos desde a súa adquisición, ben directamente por parte do adquirente, agás que este faleza dentro deste prazo, ou ben por parte daquelas persoas ás que o adquirente lles transmitise os elementos en virtude dun pacto sucesorio, antes da finalización dese prazo de cinco anos. O titular da explotación durante este prazo de mantemento debe ter a condición de persoa agricultora profesional ou silvicultora activa.
- c) Que no seo da explotación agraria da que proceden os elementos adquiridos se viñesen realizando, efectivamente, actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Esta dedución resultará incompatible, para un mesmo negocio xurídico, coa prevista nos números catro e cinco.

Artigo 17. Deducións e bonificacións na cota íntegra na modalidade de actos xurídicos documentados<sup>20</sup>.

Un. Bonificación aplicable ás declaracións de obra nova ou división horizontal de edificios destinados a vivendas de aluguer.

En canto ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, establécese unha bonificación do 75% da cota nas escrituras públicas outorgadas para formalizar a declaración de obra nova ou a división horizontal de edificios destinados a vivendas de aluguer.

Para o recoñecemento desta bonificación deberá consignarse no documento que o promotor da edificación vai dedicarse directamente á súa explotación no réxime de arrendamento e destinar a esta actividade a totalidade das vivendas existentes nela.

A bonificación entenderase concedida con carácter provisional e estará condicionada a que, dentro dos dez anos seguintes á finalización da construción, non se produza calquera das seguintes circunstancias:

- a) Que exista algunha vivenda que non estivese arrendada durante un período continuado de dous anos.

<sup>20</sup> Artigo 17 obxecto de numerosas modificacións. Por orde cronolóxico: 1) Redacción dos apartado cinco e seis do artigo 17 dada polo artigo 3, apartado dous e tres, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011); 2) Redacción dos apartados sete e oito do artigo 17 polo artigo 74, apartados tres e catro, da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013); 3) Redacción do apartado 8 do artigo 17 por disposición derradeira primeira, apartado seis, da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2013); 4) Apartado 9 do artigo 17 engadido polo artigo 3, apartado cinco, da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2015); 5) Apartados Un e Catro do artigo 17 eliminados, reenumeración das restantes deducións, e adición do apartado oito polo artigo 1 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017); 6) Apartado nove do artigo 17 engadido polo artigo 3, apartado dous, da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 245, 28 de decembro de 2017); 7) Redacción do apartado oito do artigo 17 polo artigo 2, apartado catro, da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2021); 8) Apartado dez do artigo 17 engadido por disposición derradeira primeira, apartado dous, da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021); 9) Redacción do apartado sete e adición do apartado once do artigo 17 pola por disposición derradeira primeira, apartados dezanove e vinte, da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio de 2021).

- b) Que se realizase a transmisión dalgunha das vivendas.
- c) Que algún dos contratos de arrendamento se asinase por un período inferior a catro meses.
- d) Que algún dos contratos de arrendamento teña por obxecto unha vivenda amoblada e o arrendador se obrigue á prestación dalgún dos servizos complementarios propios da industria hostaleira, como restaurante, limpeza, lavado de roupa ou outros análogos.
- e) Que algún dos contratos de arrendamento se celebre a favor de persoas que teñan a condición de parentes, ata o terceiro grao inclusive, co promotor ou promotores, se estes fosen empresarios individuais, ou cos socios, conselleiros ou administradores, se a promotora fose persoa xurídica.

No caso de producirse, dentro do indicado prazo, calquera das circunstancias anteriores, deberá satisfacerse, nos trinta días hábiles seguintes á data en que aconteza, o imposto que se deixase de ingresar a consecuencia da bonificación e os xuros de mora.

Non se entenderá producida a circunstancia sinalada na letra b) cando se transmita a totalidade da construción a un ou varios adquirentes que continúen coa explotación das vivendas do edificio en réxime de arrendamento. Os adquirentes subrogaranse na posición do transmitente para a consolidación da bonificación e para as consecuencias derivadas do seu incumprimento.

Os servizos de inspección tributaria da consellería competente en materia de facenda poderán, periodicamente, comprobar se se produciron as circunstancias que orixinan a perda da bonificación.

Dous. Dedución pola adquisición de predios forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica.

Establécese unha dedución na cota do 100% no imposto de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados para as transmisións onerosas de parcelas forestais incluídas na superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica sempre que esas transmisións sexan realizadas entre membros delas ou ben con terceiros que se integren nelas e manteñan a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas.

A dedución quedará condicionada á presentación, no prazo de declaración, dos xustificantes expedidos pola consellería competente en materia de medio rural que acrediten a inclusión das devanditas parcelas na agrupación de propietarios forestais.

Tres. Dedución para a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos ou créditos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual.

1. No imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, aplicarase unha dedución do 100% da cota, sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

a) Que a operación se refira á constitución dun préstamo ou crédito hipotecario.

b) Que a finalidade do préstamo ou crédito sexa a cancelación doutro préstamo ou crédito hipotecario destinado ao financiamento da adquisición dunha vivenda habitual.

2. No caso de que o novo préstamo ou crédito hipotecario sexa dunha contía superior á necesaria para a cancelación total do préstamo anterior, a porcentaxe de dedución aplicarase exclusivamente sobre a porción de cota que resulte de aplicarlle a esta o resultado do cociente entre o principal pendente de cancelación e o principal do novo préstamo ou crédito.

Catro. Dedución nas operacións de subrogación e modificación de préstamos e créditos hipotecarios concedidos para o investimento en vivenda habitual.

1. Aplicaráselles unha dedución do 100% na cota do imposto sobre actos xurídicos documentados na modalidade de documentos notariais ás escrituras de créditos hipotecarios que recollan as operacións ás que se refiren os artigos 7 e 9 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios e sempre que se trate de créditos concedidos para o investimento en vivenda habitual. Este beneficio fiscal aplicarase nos mesmos termos e condicións cós recoñecidos para os préstamos hipotecarios nos devanditos artigos.

2. Aplicaráselles unha dedución do 100% na cota do imposto sobre actos xurídicos documentados na modalidade gradual de actos xurídicos documentados ás escrituras públicas de novación modificativa de préstamos ou créditos hipotecarios concedidos para o investimento en vivenda habitual, pactados de común acordo entre acredor e debedor, sempre que o acredor sexa unha das entidades á que se refire o artigo 1 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, e a modificación se refira ao método ou sistema de amortización e a calquera outras condicións financeiras do préstamo ou crédito.

Cinco. Dedución nas adquisicións de local de negocios para a constitución dunha empresa ou negocio profesional.

1. Establécese unha dedución do 100 %, cun límite de 1.500 euros, na cota gradual da modalidade de actos xurídicos documentados no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para o suposto de primeiras copias de escrituras notariais que documenten a adquisición de locais de negocio, sempre que o adquirente destine o local á constitución dunha empresa ou negocio profesional.

Por constitución dunha empresa ou negocio profesional entenderase o inicio do exercicio dunha actividade económica por unha persoa física ou por medio dunha entidade a que se refire o

artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, ou a constitución de calquera forma de sociedade que teña como obxecto a realización dunha actividade económica, sempre que o número de socios ou partícipes non sexa superior a cinco.

Para os efectos da aplicación da dedución, entenderase producida a constitución cando se cause alta por primeira vez no censo de empresarios, profesionais e retedores como consecuencia do establecido no artigo 3.2.a) do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria. No caso de persoas xurídicas societarias ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, os socios ou partícipes deben ser persoas físicas que non estean ou estivesen con anterioridade de alta no citado censo.

Para determinar se existe actividade económica e se o local está afecto a unha actividade económica haberá que aterse ao disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas, sen que sexa aplicable en ningún caso á actividade de arrendamento de inmobles nin cando a actividade principal sexa a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8.º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

2. Para a aplicación da dedución deben cumprirse os seguintes requisitos:

a) A adquisición do inmovible ha de formalizarse en escritura pública, na que se exprese a vontade de que se destine á realización dunha actividade económica. Non se poderá aplicar a dedución se esta declaración non consta no documento público, nin tampouco en caso de que se fagan rectificacións do documento co fin de emendar a súa omisión, agás que se fagan dentro do período voluntario de autoliquidación do imposto.

b) A constitución da empresa ou do negocio profesional debe producirse no prazo de seis meses anteriores ou posteriores á data da escritura de adquisición do inmovible.

c) O centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, debe atoparse situado en Galicia e manterse durante os tres anos seguintes á data de devengo do imposto.

d) Durante o mesmo prazo deberán manterse a actividade económica e o nivel de investimento que se tome como base da dedución.

3. No caso de ter gozado das reducións establecidas nos artigos 7.Oito ou 8.Oito deste texto refundido, a dedución aplicaráselle á cota resultante de minorar a base liquidable na contía do importe da base das reducións.

4. Cando máis dun contribuínte teña dereito á aplicación desta dedución respecto do mesmo local de negocios, a dedución aplicarase de forma conxunta, sen prexuízo da imputación a cada contribuínte da parte proporcional correspondente á súa porcentaxe de participación na adquisición.

5. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas leva consigo a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto

cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo de trinta días hábiles, contados desde o momento en que se incumpran os requisitos.

Seis. Dedución na constitución e modificación de préstamos ou créditos hipotecarios e operacións de arrendamento financeiro, concedidos para o financiamento das adquisicións de local de negocios para a constitución dunha empresa ou negocio profesional.

Establécese unha dedución do 100 %, cun límite de 1.500 euros, na cota gradual da modalidade de actos xurídicos documentados no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para o suposto de primeiras copias de escrituras notariais que documenten a constitución ou modificación de préstamos ou créditos hipotecarios destinados a financiar a adquisición de locais de negocio, beneficiada pola dedución sinalada no punto Sete anterior.

Esta mesma dedución, e co mesmo límite, aplicarase á constitución ou modificación de contratos de arrendamento financeiro a que se refire o punto 1 da disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, destinados a financiar locais de negocio, sempre que se cumpran os requisitos sinalados no punto Sete anterior referidos á constitución da empresa ou negocio e ao seu mantemento, localización, prazos e afectación do ben. Para estes efectos, para o prazo a que se refire o punto 2.b), tomárase como referencia a data do contrato de arrendamento financeiro.

Sete. Dedución aplicable ás agregacións, agrupacións e segregacións para posterior agregación ou agrupación de predios que conteñan solo rústico.

1. Ás agregacións e agrupacións de predios que conteñan solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 % na cota correspondente ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, que recaia sobre o devandito solo. Para estes efectos entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a dedución non se estenderá á parte da cota que corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que asenta, agás que se trate de agrupacións de predios rústicos que se leven a cabo para a súa incorporación, no prazo máximo dun ano desde a data de devindicación, a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou que xa estean adheridas a algún destes instrumentos, caso en que a dedución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que asenten.

2. A dedución regulada no número 1 deste apartado será, así mesmo, aplicable, coas mesmas condicións, ás segregacións de predios que conteñan solo rústico cando a devandita segregación teña por finalidade unha agregación ou agrupación de predios de solo rústico posterior que se vaia realizar nos mesmos termos que se establecen no número 1 deste apartado. Esta condición entenderase cumprida soamente cando na mesma escritura pública de segregación

ou nunha escritura pública da mesma data se outorgue a agregación ou agrupación de predios que inclúa algún dos predios segregados».

3. No caso de incumprimento dos requisitos exixidos nos números anteriores para a aplicación desta dedución, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de mora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo dun mes desde o incumprimento da condición.

Oito. Dedución por adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por persoas con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais.

Os contribuíntes que teñan dereito a aplicar os tipos de gravame reducidos regulados nos apartados Tres, Catro, Cinco e Oito do artigo 15 terán dereito a unha dedución na cota do 100 % sempre que a vivenda se encontre nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Para estes efectos, unha orde da consellaría competente en materia de facenda determinará as parroquias que teñan esta consideración.

Nove. Dedución para a promoción de solo industrial.

Terán dereito a unha dedución do 100 % na cota:

a) As vendas de solo público empresarial realizadas por entidades instrumentais do sector público que teñan entre as súas funcións ou obxecto social a promoción do devandito solo. Así mesmo, tamén gozarán de dedución a constitución de condicións resolutorias, dereitos de adquisición preferente ou outras garantías pactadas en favor das devanditas entidades transmitentes para garantir as obrigas de edificar, implantar actividade ou outras que se impoñan ao adquirente, derivadas das vendas.

b) As compras de solo para a promoción de solo industrial realizadas por entidades instrumentais do sector público que teñan entre as súas funcións ou obxecto social a dita finalidade.

c) Os actos de agrupación, agregación, segregación e división que se efectúen sobre o solo empresarial por parte das entidades instrumentais do sector público que teñan entre as súas funcións ou obxecto social a promoción do devandito solo.

d) Os actos de agrupación, agregación, segregación e división efectuados sobre o solo empresarial polos suxeitos pasivos que teñan dereito ao beneficio fiscal previsto na letra a). Estas operacións deberán realizarse no prazo máximo de tres anos desde a adquisición.

Dez. Beneficios fiscais nos documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles

1. Establécese unha dedución na cota do 100 % correspondente ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aos documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal

de inmobles que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado oito deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as circunstancias previstas no apartado nove.1 do artigo 16 desta norma.

2. A dedución na cota será do 50 % cando os documentos notariais formalizados a que se refire o número anterior afecten inmobles que se encontren nas parroquias que non teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado oito deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica cando concorran as circunstancias previstas no apartado nove.1 do artigo 16 desta norma.

3. Para os efectos da aplicación das deducións previstas neste apartado, os prazos para o cumprimento dos requisitos do número nove.1 do artigo 16 comezarán a contar desde a devindicación do tributo. No caso de que esta dedución puiden afectar varios feitos impositivos e entre o primeiro e o último ano que lle sexa aplicable esta dedución medie un período inferior a dous anos, os prazos comezarán a contarse a partir do último feito impositivo realizado dentro do devandito período de dous anos.

4. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas comporta a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos.

Once. Dedución aplicable en supostos de transmisión de elementos afectos a explotacións agrarias.

Aplicarase unha dedución do 100 % da cota do imposto que poida devindicarse como consecuencia das transmisións inter vivos do pleno dominio ou do usufruto de elementos afectos a unha explotación agraria, xa sexa como consecuencia da súa transmisión individualizada ou con ocasión da transmisión inter vivos do pleno dominio ou do usufruto dunha explotación agraria na súa integridade.

A aplicación desta dedución quedará condicionada á concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que os elementos adquiridos se manteñan afectos á explotación agraria durante un prazo de cinco anos desde a súa adquisición, ben directamente por parte do adquirente, agás que este faleza dentro deste prazo, ou ben por parte daquelas persoas ás que o adquirente lles transmitise os elementos en virtude dun pacto sucesorio, antes da finalización dese prazo de cinco anos. O titular da explotación durante este prazo de mantemento debe ter a condición de persoa agricultora profesional ou persoa silvicultora activa.

b) Que no seo da explotación agraria da que proceden os elementos adquiridos se viñesen realizando, efectivamente, actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Esta dedución resultará incompatible, para o mesmo negocio xurídico, coa prevista no número dous.

## CAPÍTULO V.

### Imposto sobre hidrocarburos

Artigo 18<sup>21</sup>

## CAPÍTULO VI

### Taxas fiscais sobre o xogo

Artigo 19. Taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias<sup>22</sup>.

Un. Exencións.

Quedan exentos do pagamento destas taxas:

1. As rifas organizadas ou realizadas sen ánimo de lucro con motivo de acontecementos educativos, sociais ou festivos, sempre que o produto íntegro da venda dos billetes ofrecidos non supere os 12.000 euros e o premio ofrecido teña un valor inferior a 1.500 euros.
2. A realización de sorteos, tómbolas e rifas que organice a Cruz Vermella, nas condicións que regulamentariamente se determinen.
3. Os sorteos de amortización e capitalización que estean legalmente autorizados.
4. A realización de tómbolas diocesanas de caridade, nas condicións que regulamentariamente se determinen.
5. Os xogos enumerados no apartado 2 do artigo 2 da Lei reguladora dos xogos de Galicia, coa excepción do previsto na letra g).<sup>23</sup>

21 Artigo 18 derrogado por disposición derogatoria única, apartado c), da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247, do 28 de decembro de 2018). Anteriormente foi obxecto de diversas modificacións: 1) Redacción do artigo 18 polo artigo 75 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013); 2) Redacción do artigo 18 polo artigo 70, apartado 1, da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2013); 3) Reacción do apartado dous do artigo 18 polo artigo 3 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014).

22 Redacción do apartado 4 do artigo 19 dada polo artigo 4, apartado un, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011). Posteriormente, adición dos apartados un.5 e dous e nova redacción do apartado catro do artigo 19 engadido por artigo 4 apartado un, dous e tres, respectivamente, da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014).

23 Redacción do número 5 do apartado Un do artigo 19 dada pola Disposición derradeira sexta da Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia (DOG Núm. 128, do 6 de xullo de 2023).



Dous. Base imponible.

1. Con carácter xeral, a base imponible virá constituída polo importe total das cantidades que os xogadores ou as xogadoras dediquen á súa participación nos xogos.

2. Establécense as seguintes regras especiais:

a) Nas rifas e tómbolas, a base imponible virá constituída polo importe total dos boletos ou billetes ofrecidos.

b) Nas combinacións aleatorias, a base imponible virá constituída polo valor dos premios ofrecidos. Para estes efectos entenderase por valor dos premios o valor de mercado destes, e incluírase así mesmo a suma de todos os gastos necesarios para a posta á disposición do premio.

c) Nas apostas, a base imponible poderá vir constituída por:

c.1) O importe total dos billetes, boletos ou xustificantes de participación vendidos, calquera que sexa o medio a través do que se realizasen.

c.2) A diferenza entre a suma total das cantidades apostadas e o importe dos premios satisfeitos polo operador aos participantes no xogo. Neste caso, a cuantificación da base imponible referirase ao ano natural.

d) Cando a participación en calquera dos xogos gravados por este tributo se realice, na súa totalidade ou en parte, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarifación adicional, a base imponible virá determinada polo valor dos premios ofrecidos, e incluíranse así mesmo a suma de todos os gastos necesarios para a organización e realización do xogo e para a posta á disposición do premio e mais os importes percibidos correspondentes á sobretarifación da participación no xogo, excluído o imposto indirecto sobre o valor engadido ou calquera outro imposto indirecto deste carácter que grave as operacións realizadas.

3. Para a determinación da base imponible poderán ser empregados os réximes de estimación directa ou de estimación obxectiva, regulados na Lei xeral tributaria. Poderán igualmente determinarse, mediante convenios, servindo en todo caso como signos, índices ou módulos, o número e o valor dos billetes, boletos ou xustificantes de participación, calquera que sexa o medio a través do que se expidisen ou emitisen, o importe dos premios e/ou as bases de poboación.

A base imponible determinarase con carácter xeral por estimación directa. Nos supostos de participación a través de medios técnicos, telemáticos, interactivos ou de forma remota, estes medios deberán conter o procedemento ou os elementos de control necesarios que garantan a exactitude na determinación da base imponible. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá dispor dun sistema informático que lle permita á Administración tributaria o control telemático da xestión e o pagamento do tributo correspondente.

A base imponible poderá determinarse mediante estimación obxectiva por medio da aplicación das magnitudes, dos índices, dos módulos ou dos datos previstos regulamentariamente

Tres. Tarifas.

1. Rifas e tómbolas.

a) As rifas e tómbolas tributarán con carácter xeral ao 10% do importe total dos boletos ou billetes ofrecidos.

b) Nas tómbolas de duración inferior a quince días organizadas con ocasión de mercados, feiras ou festas de ámbito local e sempre que os seus premios non excedan dun valor total de 3.000 euros, o suxeito pasivo poderá optar entre satisfacer a taxa conforme o tipo sinalado na letra a) anterior ou ben a razón de 300 euros por cada día de duración en capitais de provincia ou poboacións con máis de 75.000 habitantes, 210 euros en poboacións entre 15.000 e 75.000 habitantes e 90 euros por cada día de duración en poboacións inferiores a 15.000 habitantes.

2. Apostas.

Nas apostas o tipo será con carácter xeral dun 8,5%, aplicable á base impositiva establecida na letra c.1) da alínea Dous anterior. O tipo para as apostas deportivas ou de competición será dun 10%, aplicable á base impositiva establecida na letra c.2) da alínea Dous anterior.

3. Combinacións aleatorias.

Nas combinacións aleatorias o tipo será do 12% do valor dos premios ofrecidos.

4. Participación en xogos mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarificación adicional.

O tipo de gravame para calquera dos xogos gravados por este tributo nos que se participe, na súa totalidade ou en parte, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarificación adicional será do 12%, aplicable á base impositiva establecida na letra d) da alínea Dous anterior.

Catro. Devindicación e período impositivo.

A taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, cando o seu rendemento lle corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia, devindicarase:

a) Nas rifas, tómbolas e combinacións aleatorias, ao concederse a autorización necesaria para a súa realización. En defecto de autorización, devindicarase cando se realicen, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que procedan.

b) Nas combinacións aleatorias que non precisen autorización, no momento en que se organicen ou se inicie a súa realización.

c) Nas apostas e para calquera outro suposto destes xogos nos que a autorización permita o desenvolvemento do xogo dun xeito continuado ao longo do tempo, o primeiro ano a

devindicación coincidirá coa data da autorización e os anos subseguintes co 1 de xaneiro de cada ano natural. Nestes casos o período impositivo coincidirá co ano natural.

Artigo 20. Taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar<sup>2425</sup>.

Un. Exencións.

Quedan exentos do pagamento da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar os xogos excluídos do ámbito de aplicación da Lei reguladora do xogo de Galicia.

Dous. Base imponible

1. A base imponible da taxa será a seguinte:

a) No caso do xogo en casinos ou do xogo da lotaría instantánea electrónica, virá constituída pola diferenza entre o importe total dos ingresos obtidos procedentes do xogo e as cantidades satisfeitas aos xogadores ou ás xogadoras polas súas ganancias.

b) No xogo do bingo nas súas distintas modalidades, incluído o bingo electrónico, a base imponible virá constituída pola diferenza entre a suma total dos ingresos pola adquisición dos cartóns ou polo valor facial destes e as cantidades destinadas a premios satisfeitas aos xogadores ou ás xogadoras polas súas ganancias.

c) Nos xogos e concursos difundidos mediante radio ou televisión e nos que a participación se realice, na súa totalidade ou en parte, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarifación adicional, a base imponible virá determinada pola suma do valor dos premios e mais polas cantidades correspondentes á sobretarifación da participación no xogo, excluído o imposto indirecto sobre o valor engadido ou calquera outro imposto indirecto deste carácter que grave as operacións realizadas. Para estes efectos entenderase por valor dos premios o valor de mercado destes, e incluírase así mesmo a suma de todos os gastos necesarios para a organización e realización do xogo e para a posta á disposición do premio.

24 Artigo 20 obxecto de sucesivas modificacións: 1) Redacción do apartado 4 do artigo 20 dada polo por artigo 4, apartado dous, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011); 2) Redacción dos apartados dous, tres, 3, tres, 4 e catro do artigo 20 dada polo por artigo 71 apartados un, dous, tres e catro, respectivamente, da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2013); 3) Redacción do apartado dous do artigo 20 dada polo por artigo 4, apartado catro, da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014).

25 Respecto da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos, debe terse en conta a bonificación prevista no artigo 4 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2021). Dispón este precepto:

*“Artigo 4. Bonificación da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos*

*Un. Os suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos, poderán aplicar unha bonificación que acadará o importe equivalente ao:*

*a) 46 % da cota trimestral devindicada no primeiro trimestre do ano 2021, para aquelas máquinas instaladas en casinos, salas de bingo, salóns de xogo e tendas de apostas.*

*b) 33 % da cota trimestral devindicada no primeiro trimestre do ano 2021, para aquelas máquinas en situación de alta que non estean instaladas nos establecementos a que se refire a letra anterior.*

*Os suxeitos pasivos poderán aplicar a bonificación anterior sempre que a autorización estivese en situación de alta nalgún día do citado período. Para os efectos de determinar a porcentaxe terase en conta a tipoloxía do establecemento en que a máquina estiver instalada o día 27 de xaneiro de 2021.*

*A aplicación da bonificación que proceda deberán realizala de xeito acumulado, de ser o caso, na primeira autoliquidación que presenten no ano 2022 en período voluntario, sen que esta poida ser negativa. Caso de non poderen aplicar a bonificación de xeito completo por ser superior o seu importe ao importe a ingresar da autoliquidación, a cantidade que reste aplicarana nas subseguintes autoliquidacións ata esgotala.*

*No caso de que o suxeito pasivo non tiver que presentar ningunha autoliquidación polos períodos impositivos que se declaran durante o ano 2022, poderá solicitar a rectificación da autoliquidación presentada correspondente ao primeiro trimestre do ano 2021.*

*Dous. Habilitase a persoa titular da consellería competente en materia de facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación da bonificación establecida neste artigo. Así mesmo, a persoa titular da dirección da Axencia Tributaria de Galicia poderá actualizar, de ser necesario, os modelos de autoliquidación da taxa fiscal sobre os xogos de sorte, envite e azar co fin de adaptalos á regulación da devandita bonificación, e ditar as instrucións para completalos, mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia.”*

d) No resto dos supostos, a base imponible virá constituída polas cantidades que os xogadores ou as xogadoras dediquen á súa participación nos xogos que se realicen nos distintos locais, en instalacións ou en recintos onde se realicen xogos de sorte, envite ou azar.

2. Para a determinación da base imponible poderán ser empregados os réximes de estimación directa ou de estimación obxectiva, regulados na Lei xeral tributaria. Poderán igualmente determinarse mediante convenios, servindo en todo caso como signos, índices ou módulos, o número e o valor dos billetes, boletos ou xustificantes de participación, calquera que sexa o medio a través do cal se expedisen ou emitisen, o importe dos premios e/ou as bases de poboación.

A base imponible determinarase con carácter xeral por estimación directa. Nos supostos do xogo do bingo nas súas distintas modalidades e dos xogos desenvolvidos a través da internet, por medios técnicos, telemáticos, interactivos ou dunha forma remota, os medios de desenvolvemento e xestión do xogo deberán conter o procedemento ou os elementos de control necesarios que garantan a exactitude na determinación da base imponible. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá dispor dun sistema informático que lle permita á Administración tributaria o control telemático da xestión e o pagamento do tributo correspondente.

A base imponible poderá determinarse mediante estimación obxectiva por medio da aplicación das magnitudes, dos índices, dos módulos ou dos datos previstos regulamentariamente.

Tres. Tipos de gravame e cotas fixas.

1. Tipo xeral.

O tipo de gravame xeral será do 20%.

2. Casinos de xogo.

Nos casinos de xogo aplicarase a seguinte tarifa:

Porción de base imponible comprendida entre euros	Tipo aplicable porcentaxe
Entre 0 e 1.677.207	22
Entre 1.677.207,01 e 2.775.016	38
Entre 2.775.016,01 e 5.534.788	49
Máis de 5.534.788	60

3. Máquinas ou aparellos automáticos.

Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas, realizada pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, segundo as normas seguintes:

A. Máquinas tipo "A especial": a contía que se debe pagar por este tipo de máquinas será a que resulte de multiplicar por 0,75 as contías sinaladas na letra B seguinte para as máquinas tipo "B" segundo proceda conforme as súas características. No caso de que o valor do premio non supere os 40 euros, a contía trimestral que se deberá pagar será de 125 euros.

B. Máquinas tipo "B" ou recreativas con premio:

a) Cota trimestral: 935 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo "B", nos que poidan intervir dous ou máis xogadores ou xogadoras de forma simultánea e sempre que o xogo de cadaquén sexa independente do realizado polos demais, será aplicable a cota trimestral seguinte: 935 €, máis un incremento do 25 % desta cantidade por cada novo xogador ou xogadora a partir da primeira persoa.

c) No caso de homologación dunha máquina de tipo "B" cun prezo máximo de partida superior ao prezo máximo regulamentario de 0,20 euros, as cotas tributarias establecidas nas letras a) e b) anteriores incrementaranse en 4,70 euros por cada céntimo de euro en que se incremente o prezo máximo regulamentario.

d) No caso de modificación do prezo máximo regulamentario de 0,20 euros para a partida en máquinas de tipo "B" ou recreativas con premio, a cota tributaria trimestral correspondente incrementárase en 4,70 euros por cada céntimo de euro de diferenza entre os prezos máximos regulamentarios ou, se for o caso, entre o novo prezo máximo regulamentario e o prezo máximo de partida homologado.

C. Máquinas tipo "B" especial: a contía que se debe pagar por este tipo de máquinas será a que resulte de incrementar nun 25 % as contías sinaladas na letra B anterior para as máquinas tipo "B" segundo proceda conforme as súas características.

D. Máquinas tipo "C" ou de azar: cota trimestral, 1.365 euros.

E. Calquera outro tipo de máquina apta para un único xogador ou xogadora: cota trimestral, 1.500 euros. Esta tarifa incrementárase nun 25 % por cada xogador ou xogadora de máis.

A cota trimestral calcularase conforme as características da autorización da máquina en cada trimestre natural. Para estes efectos, se nun trimestre natural as características da máquina se tivesen modificado, a cota trimestral será a que corresponda ao maior número de xogadores e ao maior prezo de partida que amparase a autorización no trimestre.

4. Bingo.

A. Na modalidade do bingo electrónico aplicarase o tipo de gravame do 30 %.

B. Nas modalidades do xogo do bingo diferentes ao bingo electrónico, aplicarase o tipo de gravame do 50 %. O suxeito pasivo poderá aplicar un tipo de gravame do 30 % en cada período impositivo en que manteña o emprego con respecto ao ano 2022.

Entenderase que o suxeito pasivo mantén o emprego con respecto ao ano 2022 cando o cadro medio de persoal relativo ao período impositivo en que aplique o tipo bonificado non sexa inferior ao correspondente ao ano 2022. Para o cadro medio de persoal total tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa. Cando o suxeito pasivo teña máis dunha autorización de sala de bingo e non teña contas de cotización da Seguridade Social diferenciadas para cada unha, calcularase o cadro medio tomando como persoas empregadas de cada local de bingo as que correspondan segundo o domicilio de prestación de servizos indicado no contrato depositado na Seguridade Social, e, de ser diferente ao enderezo dos locais de bingo, ratearase o número total de persoas empregadas con esta situación en proporción ao número de persoas empregadas asociadas a cada local de bingo.

O incumprimento do mantemento do emprego leva á perda do dereito a aplicar o tipo de gravame do 30 %. Para estes efectos, o suxeito pasivo, na autoliquidación que ten que presentar no mes de xaneiro de cada ano, procederá a aplicar o tipo de gravame do 50 % sobre a base imponible correspondente á actividade desenvolvida no ano natural inmediato anterior, aplicará os pagamentos á conta que correspondan e ingresará o importe resultante.<sup>26</sup>

Catro. Devindicación e período impositivo.

1. A devindicación producirase con carácter xeral pola autorización e, no seu defecto, pola organización e/ou realización do xogo.

2. Para aquelas autorizacións que permitan o desenvolvemento do xogo dun xeito continuado ao longo do tempo, o primeiro ano a devindicación coincidirá coa data da autorización e os anos subseguintes co 1 de xaneiro de cada ano natural. Nestes casos o período impositivo coincidirá co ano natural.

3. No xogo do bingo a devindicación producirase consonte o disposto no parágrafo anterior.

4. Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos, a devindicación producirase:

a) Cando se trate dunha autorización de explotación nova, na data da autorización.

b) Cando se trate de autorizacións de explotación vixentes en trimestres anteriores, o primeiro día de cada trimestre natural. Para estes efectos, a taxa devindicarase sempre e cando non conste fidedignamente que antes do primeiro día de cada trimestre natural a autorización de explotación foi extinguida ou suspendida provisionalmente.

c) Cando se trate de autorizacións de explotación vixentes en trimestres anteriores que estivesen en situación de suspensión provisional, o día do reinicio da explotación.

A taxa exixirase na súa contía trimestral en cada trimestre natural no que se produza a devindicación.

<sup>26</sup> Redacción do número 4 do apartado Tres do artigo 20 dada polo artigo 7 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Núm. 248, do 30 de decembro de 2022).

## TITULO III

### Disposicións formais e procedementais

## CAPÍTULO I

### Obrigacións formais e normas procedementais

#### Sección 1.<sup>a</sup> Normas relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e ao imposto sobre sucesións e doazóns

Artigo 21. Presentación de declaracións<sup>27</sup>.

1. Sen prexuízo de que a persoa titular da consellaría competente en materia de facenda autorice o seu ingreso en entidades colaboradoras, as declaracións ou declaracións-liquidacións deberán presentarse directamente nos servizos de xestión tributaria das xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de facenda ou nas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario que, a cargo de rexistradores da propiedade, teñen encomendadas todas ou algunhas das funcións relativas á aplicación destes impostos.
2. A persoa titular da consellaría competente en materia de facenda poderá autorizar a presentación das anteditas declaracións ou declaracións-liquidacións por vía telemática, así como concertar acordos con outras administracións públicas ou coas entidades, coas institucións e cos organismos aos que se refire o artigo 92 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para facer efectiva a colaboración social na presentación e no ingreso das citadas declaracións ou declaracións-liquidacións mediante a utilización das técnicas e dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos. Mediante orde determinaranse os supostos e as condicións nos que os obrigados tributarios deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, declaracións-liquidacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria.
3. Co obxecto de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias dos contribuíntes, a consellaría competente en materia de facenda, no ámbito das súas competencias, facilitará e impulsará a presentación telemática das escrituras públicas, e desenvolverá os instrumentos xurídicos, as técnicas e os medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para tal fin.
4. As declaracións ou declaracións-liquidacións presentaranse na forma, lugar e prazos e coa documentación que se determine mediante orde da consellaría competente en materia de facenda.

<sup>27</sup> Redacción do artigo 21 dada polo artigo 5, apartado un, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011). Redacción do apartado catro do artigo 21 dada polo artigo 5 apartado un, da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014).

#### Artigo 22. Acreditación da presentación e pagamento.

Para os efectos do disposto no artigo 61.3 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, así como nos artigos 254 e 256 da Lei hipotecaria, 122 do Real decreto 828/1995, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e 100 do Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns, os xustificantes que acreditan a presentación e pagamento destes impostos serán os que se determinen por orde da consellería competente en materia de facenda en desenvolvemento específico desta norma.

#### Artigo 23. Beneficios fiscais non aplicables de oficio<sup>28</sup>

Un. Os beneficios fiscais que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior ao devengo non se aplicarán de oficio, deberán solicitarse expresamente polo contribuínte no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No caso de declaración extemporánea sen requirimento previo, a solicitude deberá realizarse na presentación da declaración, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No suposto de que na autoliquidación presentada non se aplicasen os citados beneficios fiscais, non poderá rectificarse con posterioridade en canto á aplicación do beneficio fiscal, agás que a solicitude de rectificación se presentase no período regulamentario de declaración.

A falta de solicitude do beneficio fiscal dentro do prazo regulamentario de declaración ou a falta da súa aplicación na autoliquidación entenderase como unha renuncia á súa aplicación.

Dous. En caso de incumprimento dos requisitos que haxa que cumprir con posterioridade ao devengo do imposto, deberá ingresarse a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo sinalado na norma que regula o beneficio fiscal, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos. Cando a norma que regula o beneficio fiscal non estableza un prazo, o ingreso e a presentación da autoliquidación faranse dentro do prazo regulamentario de declaración establecido nas normas reguladoras de cada tributo.

#### Artigo 24. Aprazamentos e fraccionamentos.

Os órganos competentes para acordar os aprazamentos e fraccionamentos a que se refiren os artigos 38 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, e 113 do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados,

<sup>28</sup> Redacción do artigo 23 dada polo artigo 76, apartado un, da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013).



aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 maio, serán aqueles que teñan atribuída a competencia para acordar os aprazamentos e fraccionamentos previstos no Regulamento xeral de recadación. Estes aprazamentos e fraccionamentos deberanse solicitar no prazo de presentación da autoliquidación.

Artigo 25. Procedemento para a aplicación de presuncións no imposto sobre sucesións e doazóns.

O procedemento para a aplicación das presuncións sinaladas no artigo 11 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, será o establecido na alínea 3 do artigo 4 da mesma lei.

Artigo 26. Valoración previa de bens inmobles.

1. Para o exercicio do dereito recoñecido no artigo 90 da Lei xeral tributaria, e sempre que non se solicitase a valoración a través da páxina web da consellería competente en materia de facenda, deberase aboar, se é o caso, a taxa correspondente e presentar o xustificante do pagamento desta xunto coa solicitude de valoración.

2. Os suxeitos pasivos que solicitasen valoración previa ao amparo do artigo 90 da Lei xeral tributaria, pagada a taxa correspondente e presentada a valoración xunto coa declaración do imposto, poderán deducir da cota tributaria o importe satisfeito pola taxa.

3. As solicitudes de valoracións previas de bens inmobles as que se refire o artigo 90 da Lei xeral tributaria que se soliciten empregando medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, incumprindo o requisito de identificación previa das persoas ou entidades solicitantes, poderán validar o devandito requisito e, por tanto, producirase o efecto vinculante, mediante a presentación da valoración realizada no prazo de presentación do imposto.

Artigo 27. Comprobación de valores<sup>29</sup>.

Un. Comprobación de valores. Norma xeral

Para efectuar a comprobación de valores, a Administración tributaria poderá utilizar, indistintamente, calquera medio dos establecidos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A Comunidade Autónoma de Galicia recoñécelles eficacia xurídica aos valores establecidos por outra comunidade autónoma para os bens inmobles situados no seu territorio, en virtude dalgún dos medios de valoración incluídos no artigo 57.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro,

<sup>29</sup> Modificación da redacción do artigo 27 dada polo artigo 76, apartado dous, da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013). Redacción do apartado tres do artigo 27 dada pola disposición derradeira primeira, apartado sete, da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2013). Finalmente, redacción vixente do artigo 27 dada polo artigo 5, apartado dous, da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014).

xeral tributaria, e poderá aplicar estes valores para os efectos dos impostos sobre sucesións e doazóns, sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Dous. Estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal

Nas comprobacións de valor de inmobles polo medio establecido no artigo 57.1.b) da Lei 58/2003, xeral tributaria, a Administración tributaria poderá aplicar coeficientes multiplicadores que se aproben e publiquen mediante orde da consellaría competente en materia de facenda aos valores contidos no catastro inmobiliario. Tratándose doutro tipo de bens, a comprobación de valores poderá referirse directamente aos que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal que determine a Administración tributaria galega, que poderá declarar o recoñecemento como rexistro oficial de carácter fiscal de calquera rexistro elaborado ou asumido como oficial pola Xunta de Galicia que inclúa valores deses bens, sempre que se aproben e publiquen mediante orde da consellaría competente en materia de facenda. Na aplicación dos valores procedentes destes rexistros poderá procederse á súa actualización mediante os índices de variación de prezos publicados polas distintas administracións públicas ou por institucións especializadas.

Tres. Prezos medios de mercado

1. Nas comprobacións de valor de inmobles polo medio establecido no artigo 57.1.c) da Lei 58/2003, xeral tributaria, a Administración tributaria aprobará e publicará a metodoloxía empregada no seu cálculo, que incluírá as táboas dos propios prezos medios resultantes ou ben as táboas dos compoñentes ou valores básicos (solo, construción e gastos/beneficios), así como dos coeficientes singularizadores. Estes últimos teñen como finalidade adaptar os prezos medios á realidade física do ben que se valore e recollen a variabilidade do valor en función das características particulares do ben. Esta normativa técnica aprobarase mediante orde da consellaría competente en materia de facenda.

As táboas actualizaranse periodicamente conforme as variacións do mercado inmobiliario, e poderán adoptarse, para este caso, os índices de variación de prezos inmobiliarios publicados polas distintas administracións públicas ou por institucións especializadas en estatística inmobiliaria.

O proceso de singularización pode facerse de oficio pola Administración, cando teña constancia da existencia da singularidade, ou por requirimento do administrado, mediante a indicación da presenza desta. En calquera caso, o órgano liquidador poderá aplicar o correspondente coeficiente que recolla o feito singular posto de manifesto sen necesidade de intervención dun perito, sempre que o valor do coeficiente estea parametrizado segundo esta normativa. Será suficiente a motivación da comprobación de valor que inclúa unha correcta identificación do ben, unha aplicación do prezo medio que corresponda e unha adaptación deste ao caso concreto a través dos coeficientes singularizadores que determine a normativa técnica sinalada no parágrafo primeiro.

2. As comprobacións de valor dos inmobles a través de prezos medios de mercado poderán realizarse de forma automatizada a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos de acordo co establecido no artigo 96 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

Catro. Ditame de peritos da Administración

Nas comprobacións de valor de inmobles polo medio establecido no artigo 57.1.e) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o perito, para os efectos de expresar a procedencia e o modo de determinación do módulo unitario básico empregado, poderá tomar como referencia, se decide optar por métodos analíticos de valoración e para os efectos de motivación, os módulos unitarios básicos contidos, se é o caso, nos rexistros oficiais de carácter fiscal do artigo 27. Dous deste texto refundido, nas táboas dos compoñentes ou valores básicos de prezos medios de mercado a que alude a normativa técnica mencionada no artigo 27. Tres deste texto refundido ou ben os establecidos por outra comunidade autónoma para os bens inmobles situados no seu territorio.

Cinco. Capitalización ou imputación de rendementos á porcentaxe que a lei de cada tributo sinala

Poderá utilizarse no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados o medio de comprobación establecido no artigo 57.1.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Para estes efectos a porcentaxe que se utilizará será o xuro de mora ao que se refire o artigo 26.6 da mesma norma.

## Sección 2.ª Taxación pericial contraditoria no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e no imposto sobre sucesións e doazóns

Artigo 28. Normas xerais da taxación pericial contraditoria.

1. Nos tributos xestionados pola Administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia, e en corrección do resultado obtido na comprobación de valores, os interesados poderán promover a práctica da taxación pericial contraditoria mediante solicitude presentada dentro do prazo da primeira reclamación que proceda contra a liquidación efectuada sobre a base dos valores comprobados administrativamente.

Se o interesado estimar que a notificación non contén expresión suficiente dos datos e motivos tidos en conta para elevar os valores declarados e denunciar a omisión en recurso de reposición ou en reclamación económico-administrativa reservando para si o dereito a promover taxación pericial contraditoria, o prazo a que se refire o parágrafo anterior contarase desde a data de firmeza en vía administrativa do acordo que resolva o recurso ou a reclamación interposta.

2. No caso de que a taxación pericial fose promovida polos transmitentes, o escrito de solicitude deberá presentarse dentro dos quince días seguintes á notificación separada dos valores resultantes da comprobación.

3. A presentación da solicitude de taxación pericial contraditoria, ou a reserva do dereito a promovela a que se refire o número 1, no caso de notificación conxunta dos valores e das

liquidacións que os tivesen en conta, determinará a suspensión do ingreso das liquidacións practicadas e dos prazos de reclamación contra estas.

4. No transcurso dos procedementos de taxación pericial contraditoria acordados por órganos ou oficinas dependentes da consellería competente en materia de facenda e promovidos contra actos de comprobación de valor, cando o perito terceiro exixa que con anterioridade ao desempeño do seu labor se faga provisión de fondos polo importe dos seus honorarios, os depósitos que corresponden á Administración e interesado realizaranse no prazo de dez días na caixa de depósitos da xefatura territorial da consellería competente en materia de facenda en que se tramite a taxación pericial contraditoria.

Artigo 29. Procedemento da taxación pericial contraditoria<sup>30</sup>.

A tramitación da taxación pericial contraditoria axustarase ás seguintes regras:

1.ª O órgano competente trasladará aos interesados a valoración motivada que figure no expediente referida ao ben obxecto da taxación, calquera que for o medio de comprobación utilizado de entre os sinalados no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e concederalles un prazo dun mes e dez días para que procedan tanto ao nomeamento dun perito, que deberá ter título axeitado á natureza dos bens e dereitos obxecto da valoración, e achegar, no momento do nomeamento, proba suficiente do título que posúa, como á emisión dun ditame debidamente motivado, de acordo co establecido no artigo 160 do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

O perito designado polo contribuínte terá á súa disposición, na sede do órgano competente para a tramitación deste procedemento e no prazo anteriormente sinalado, a relación de bens e dereitos obxecto da taxación pericial contraditoria.

Entenderase acreditado o título axeitado á natureza do ben obxecto da valoración, e a suficiente motivación, se o informe pericial se presenta visado polo colexio profesional correspondente.

2.ª Transcorrido o prazo dun mes e dez días sen facer a designación de perito, coa acreditación suficiente do título que posúa, ou sen emitir o ditame pericial suficientemente motivado, considerarase que desiste do seu dereito a promover a taxación pericial contraditoria, darase por finalizado o procedemento e entenderase a conformidade do interesado co valor comprobado. Neste caso, confirmarase a liquidación inicial, cos correspondentes xuros de mora, e non poderá promover unha nova taxación pericial contraditoria.

3.ª Se a diferenza entre o valor comprobado pola Administración e a taxación practicada polo perito designado polo obrigado tributario, considerada en valores absolutos, é igual ou inferior a 120.000 euros e ao 10 por 100 da devandita taxación, esta última servirá de base para a liquidación se for maior que o valor declarado, ou este valor no caso contrario. A liquidación

<sup>30</sup> Redacción do apartado 4ª.b) do artigo 29 polo artigo 4 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2015).

que se xire levará os correspondentes xuros de mora. Neste suposto darase por finalizado o procedemento, non podendo efectuar con respecto ao mesmo feito impoñible nova comprobación de valores a Administración tributaria sobre os mesmos bens e dereitos.

4.<sup>a</sup> Se a diferenza sinalada na alínea anterior é superior, deberá designarse un perito terceiro conforme o seguinte procedemento:

a) Cada xefatura territorial da consellería competente en materia de facenda solicitará no mes de xaneiro de cada ano aos distintos colexios, asociacións ou corporacións profesionais legalmente recoñecidos o envío dunha lista de colexiados ou asociados que teñan centralizada a xestión administrativa e a dirección das súas actividades no ámbito territorial da xefatura correspondente, e que estean dispostos a actuar como peritos terceiros, que se agruparán por orde alfabética en diferentes listas tendo en conta a natureza dos bens e dereitos a valorar. Elixido por sorteo público un de cada lista, as designacións efectuaranse por orde correlativa. Cando non exista colexio, asociación ou corporación profesional competente pola natureza dos bens ou dereitos que se vaian valorar ou profesionais dispostos a actuar como peritos terceiros, poderá solicitar ao Banco de España a designación dunha sociedade de taxación inscrita no correspondente rexistro oficial.

Será necesaria a aceptación expresa polo perito elixido por sorteo, nun prazo de cinco días desde a comunicación da súa proposta de designación. A Administración tributaria competente poderá establecer honorarios estandarizados para os peritos terceiros que sexan designados. A devandita aceptación determinará, así mesmo, a aceptación dos honorarios aprobados pola Administración.

b) Realizada a designación, remitirase á persoa ou entidade designada a relación de bens e dereitos obxecto da valoración e a copia tanto da valoración da Administración como da efectuada polo perito designado polo obrigado tributario, para que no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte da entrega, proceda a confirmar algunha delas ou realice unha nova valoración, que será definitiva. A nova valoración que se realice deberá estar suficientemente motivada de acordo co establecido no artigo 160 do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos. No suposto de que confirme algunha das valoracións, deberá motivar suficientemente as razóns polas que confirma unha e rexeita a outra.

No caso de que o perito terceiro non emita a valoración ou non confirme algunha das propostas, no prazo establecido no parágrafo anterior, poderase deixar sen efecto a súa designación, sen prexuízo das responsabilidades que resulten exixibles pola falta de emisión do ditame en prazo. No caso de que se deixe sen efecto a designación, deberá notificarse esta circunstancia ao perito terceiro e ao obrigado tributario, e procederase, se é o caso, á liberación dos depósitos dos seus honorarios e ao nomeamento doutro perito terceiro por orde correlativa.

A renuncia do perito terceiro ou a falta de presentación en prazo impedirán a súa designación no exercicio corrente e nos dous posteriores a este.

No caso de que a valoración ou a confirmación dunha das valoracións, realizada polo perito terceiro, presente defectos de motivación e que tal circunstancia sexa apreciada polo órgano competente para a tramitación deste procedemento, ou en vía de recurso por un órgano administrativo ou xudicial, a Administración tributaria procederá ou ben á remisión da documentación para a realización dunha nova valoración ao mesmo perito ou ben ao nomeamento dun novo, de acordo co procedemento e os prazos sinalados neste artigo. No primeiro suposto, non procederá a realización dun novo depósito nin dun novo pagamento de honorarios. No segundo caso, procederá a devolución polo perito dos honorarios satisfeitos, xunto co xuro legal vixente, no período que medie desde a data do pagamento dos honorarios ata a data da súa devolución.

Entenderase suficientemente motivado o informe pericial se se presenta visado polo colexio profesional correspondente.

c) Os honorarios do perito do obrigado tributario serán satisfeitos por este. Cando a diferenza entre a taxación practicada polo perito terceiro e o valor declarado, considerada en valores absolutos, supere o 20 por 100 do valor declarado, os gastos do terceiro perito serán aboados polo obrigado tributario e, no caso contrario, correrán a cargo da Administración. Neste suposto, aquel terá dereito a ser reintegrado dos gastos ocasionados polo depósito a que se refire o parágrafo seguinte.

O perito terceiro poderá exixir que, previamente ao desempeño do seu labor, se faga provisión de importe dos seus honorarios mediante depósito na caixa de depósitos da xefatura territorial da consellería competente en materia de facenda en que se tramite a taxación pericial contraditoria, no prazo de dez días. A falta de depósito por calquera das partes suporá a aceptación da valoración realizada polo perito da outra, calquera que for a diferenza entre ambas as valoracións, dándose por finalizado o procedemento. A liquidación que se dite tomará a valoración que corresponda, non podendo promoverse novamente a taxación pericial contraditoria por parte do obrigado tributario ou, se é o caso, non poderá efectuar unha nova comprobación de valor a Administración tributaria sobre os mesmos bens ou dereitos.

Entregada na Administración tributaria competente a valoración polo perito terceiro, comunicarase ao obrigado tributario e concederáselle un prazo de quince días para xustificar o pagamento dos honorarios ao seu cargo. Se é o caso, autorizarase a disposición da provisión dos honorarios depositados.

5.ª A valoración do perito terceiro servirá de base á liquidación que proceda cos límites do valor declarado e o valor comprobado inicialmente pola Administración tributaria.

6.ª Unha vez finalizado o procedemento, a Administración tributaria competente notificará no prazo dun mes a liquidación que corresponda á valoración que deba tomarse como base en cada caso, así como a dos xuros de mora que correspondan.

O incumprimento do prazo a que se refire o parágrafo anterior determinará que non se exiban xuros de mora desde que se produza o devandito incumprimento.

Coa notificación da liquidación iníciarase o prazo previsto no artigo 62.2.º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para que o ingreso sexa efectuado, así como o cómputo do prazo para interpoñer o recurso ou reclamación económico-administrativa contra a liquidación no caso de que o devandito prazo fose suspendido pola presentación da solicitude de taxación pericial contraditoria.

### Sección 3.ª Normas de aplicación dos tributos cedidos sobre o xogo

Artigo 30. Liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias<sup>31</sup>

1. Os suxeitos pasivos da taxa que grava os xogos aos que se refiren as letras a) e b) do punto Catro do artigo 19 deberán presentar, na forma, no lugar e no prazo determinados por orde da consellaría competente en materia de facenda, declaración dos feitos sometidos a gravame. Na falta de disposición regulamentaria, os suxeitos pasivos deberán presentar declaración no prazo dun mes, contado desde o momento da devindicación, ante o órgano competente da Administración tributaria.

2. Os suxeitos pasivos da taxa que grava os xogos aos que se refire a letra c) do punto Catro do artigo 19 deberán presentar, na forma, no lugar e nos prazos determinados por orde da consellaría competente en materia de facenda, declaración dos feitos sometidos a gravame. Estes suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar pagamentos á conta do importe da débeda tributaria definitiva, por aplicación do tipo de gravame sobre a base impoñible provisional acumulada desde o principio do período impositivo ata o final do prazo ao que se refire o pagamento, autoliquidando e ingresando o seu importe na contía, condicións, forma, lugar e prazos determinados na orde da consellería competente en materia de facenda.

3. A consellaría competente en materia de facenda aprobará, de ser o caso, os modelos mediante os que os suxeitos pasivos deberán declarar, autoliquidar e ingresar o importe correspondente na forma, no lugar e nos prazos que determine regulamentariamente. A consellaría competente en materia de facenda poderá dispor que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá dispor a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.

Artigo 31. Liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar<sup>32</sup>

1. Os suxeitos pasivos da taxa que grava o xogo ao que se refire o punto 3 da alínea Tres do artigo 20 deberán presentar, nas condicións, forma, lugar e prazos determinados por orde da consellaría competente en materia de facenda, unha declaración por cada máquina en

<sup>31</sup> Redacción do artigo 30 dada polo artigo 5, apartado dous, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011). Posteriormente, nova redacción do artigo 30 dada polo artigo 71, apartado cinco, dada pola Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2013). Finalmente, redacción vixente do artigo 30 dada polo artigo 5, apartado tres, da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014).

<sup>32</sup> Redacción do artigo 31 dada polo artigo 5 da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011). Posteriormente, redacción do artigo 31 dada polo artigo 71, apartado seis, da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOG núm. 249, do 31 de decembro de 2013). Redacción do apartado 1 do artigo 31 dada polo artigo 1 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017).

explotación, e deberán autoliquidar e ingresar a cota trimestral legalmente establecida que corresponda á tipoloxía e ás características da autorización da máquina.

2. Os suxeitos pasivos da taxa que grava os xogos aos que se refiren os puntos 2 e 4 da alínea Tres do artigo 20 deberán presentar, nas condicións, forma, lugar e prazos determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, declaración dos feitos sometidos a gravame por cada establecemento de xogo para o que teñan autorización. Estes suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar pagamentos á conta do importe da débeda tributaria definitiva, por aplicación do tipo de gravame sobre a base impoñible provisional acumulada desde o principio do período impositivo ata o final do prazo ao que se refire o pagamento, autoliquidando e ingresando o seu importe na contía, condicións, forma, lugar e prazos determinados na orde da consellería competente en materia de facenda.

3. Os suxeitos pasivos da taxa que grava os xogos aos que se refire o punto 1 da alínea Tres do artigo 20 deberán presentar, nas condicións, forma, lugar e prazos determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, declaración dos feitos sometidos a gravame. Estes suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar pagamentos á conta do importe da débeda tributaria definitiva, por aplicación do tipo de gravame sobre a base impoñible provisional acumulada desde o principio do período impositivo ata o final do prazo ao que se refire o pagamento, autoliquidando e ingresando o seu importe na contía, condicións, forma, lugar e prazos determinados na orde da consellería competente en materia de facenda.

4. A consellería competente en materia de facenda aprobará, de ser o caso, os modelos mediante os cales os suxeitos pasivos deberán declarar, autoliquidar e ingresar o importe correspondente nas condicións, forma, lugar e prazos que determine regulamentariamente. A consellería competente en materia de facenda poderá dispor que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá dispor a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.

## CAPÍTULO II

### Obrigas formais

Artigo 32. Obrigas formais dos notarios<sup>33</sup>.

Un. O cumprimento das obrigas formais dos notarios, recollidas no artigo 32.2 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, e no artigo 52 do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, realizarase no formato e nos prazos que determine a consellería competente en materia de facenda. A remisión desta información poderá realizarse tamén mediante transmisión por vía telemática nas condicións e no deseño que aprobe a devandita consellería.

<sup>33</sup> Redacción do artigo 32 dada polo artigo 5, apartado cinco, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011).



Dous. Co fin de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias dos contribuíntes e mais o acceso telemático dos documentos aos rexistros públicos, os notarios destinados na Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración co Consello Xeral do Notariado, remitiranlle por vía telemática á consellaría competente en materia de facenda unha declaración informativa notarial comprensiva dos elementos básicos da escritura e confeccionada cos datos existentes no índice único informatizado notarial ao que se refire o artigo 17 da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862. A declaración informativa notarial ou ficha notarial deberá reproducir fielmente os elementos básicos da escritura, sobre todo aqueles que teñan relevancia para efectos tributarios, e o notario velará pola máis estrita veracidade da ficha, así como pola súa correspondencia cos documentos públicos autorizados e intervidos, e será responsable de calquera discrepancia que exista entre aquela e estes. Tamén deberán remitir, por solicitude da consellaría competente en materia de facenda, copia electrónica destas fichas, conforme o disposto na lexislación notarial.

A ficha resumo notarial substituirá o documento notarial nos supostos que determine por orde a consellaría competente en materia de facenda, que, ademais, establecerá os procedementos, a estrutura e os prazos nos que debe ser remitida a información.

Tres. Co fin de facilitar o debido control do cumprimento das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos dos tributos sobre o xogo, os notarios destinados na Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración co Consello Xeral do Notariado, deberanlle remitir por vía telemática á consellaría competente en materia de facenda unha declaración informativa notarial comprensiva dos elementos que teñan relevancia para efectos tributarios das bases de todos os xogos, concursos ou sorteos que sexan depositadas ante eles e que teñan como ámbito territorial máximo a Comunidade Autónoma de Galicia, así como da resolución deles. O notario velará pola máis estrita veracidade da ficha, así como pola súa correspondencia coas bases, coa información ou cos documentos públicos depositados ante eles, e será responsable de calquera discrepancia que exista entre aquela e estes. Tamén deberán remitir, por solicitude da consellaría competente en materia de facenda, copia electrónica destas fichas, conforme o disposto na lexislación notarial.

A consellaría competente en materia de facenda establecerá os procedementos, a estrutura, o formato, os prazos e as condicións nos que debe ser remitida a información.

### Artigo 33. Obrigacións formais dos rexistradores da propiedade inmobiliaria e mercantil.

Os rexistradores da propiedade inmobiliaria e mercantís con destino na Comunidade Autónoma de Galicia estarán obrigados a remitir trimestralmente á consellería competente en materia de facenda unha relación dos documentos que conteñan actos ou contratos suxeitos ao imposto sobre sucesións e doazóns ou ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados que se presenten a inscrición nos seus rexistros, cando o pagamento dos devanditos tributos ou a presentación da declaración tributaria se realizase nunha comunidade autónoma distinta a esta.

A consellería competente en materia de facenda determinará o contido da información que debe remitirse, os modelos de declaración e prazos de presentación, así como as condicións

en que a presentación mediante soporte lexible por ordenador ou mediante transmisión por vía telemática será obrigatoria.

#### Artigo 34. Subministración de información polas entidades que realicen poxas de bens mobles<sup>34</sup>.

As empresas que realicen poxas de bens mobles deberán remitir semestralmente unha declaración coa relación das transmisións de bens nas que interviñesen relativas ao semestre anterior. Esta relación deberá comprender os datos de identificación do transmitente e o adquirente, a data da transmisión, unha descrición do ben poxado e o prezo final de adxudicación.

A consellaría competente en materia de facenda determinará os modelos de declaración e os prazos de presentación, o contido da información que se debe remitir, así como as condicións nas que a presentación mediante soporte directamente lexible por ordenador ou mediante transmisión por vía telemática será obrigatoria. En ambos os dous casos, estas declaracións terán a consideración de tributarias para todos os efectos regulados na Lei xeral tributaria.

#### Artigo 35. Obrigas formais dos operadores que presten servizos de tarifación adicional e dos operadores de rede de servizos de tarifación adicional<sup>35</sup>

Co fin de facilitar o debido control do cumprimento das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos dos tributos sobre o xogo, os operadores de servizos de tarifación adicional e os operadores de rede de servizos de tarifación adicional que presten estes servizos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia deberanlle remitir por vía telemática á consellaría competente en materia de facenda unha declaración informativa comprensiva dos elementos que teñan relevancia para efectos tributarios de cada un dos contratos realizados con titulares de números destinados a prestar servizos de ocio e entretemento que promovan xogos, concursos ou sorteos que teñan como ámbito territorial máximo a Comunidade Autónoma de Galicia.

A consellaría competente en materia de facenda establecerá os procedementos, a estrutura, o formato, os prazos e as condicións en que debe ser remitida a declaración informativa.

#### Artigo 36. Obrigas formais dos operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas<sup>36</sup>.

Co fin de facilitar o debido control do cumprimento das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos dos tributos sobre o xogo, os operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas deberán remitirle por vía telemática á consellaría competente en materia de facenda unha declaración informativa comprensiva dos elementos que teñan relevancia para efectos tributarios de cada un dos contratos realizados con titulares de espazos web destinados a prestar servizos de ocio e entretemento que promovan xogos, concursos ou sorteos que teñan como ámbito territorial máximo a Comunidade Autónoma de Galicia.

<sup>34</sup> Redacción do artigo 34 dada polo artigo 5, apartado seis, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011).

<sup>35</sup> Redacción do artigo 35 dada polo artigo 5, apartado sete, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011).

<sup>36</sup> Redacción do artigo 36 dada polo artigo 5, apartado oito, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011).

A consellaría competente en materia de facenda establecerá os procedementos, a estrutura, o formato, os prazos e as condicións en que debe ser remitida a declaración informativa.

#### Artigo 37. Subministración de información sobre outorgamento de concesións<sup>37</sup>

1. As administracións públicas que outorguen concesións ou actos e negocios administrativos, calquera que sexa a súa modalidade ou denominación, polos que, como consecuencia do outorgamento de facultades de xestión de servizos públicos ou da atribución do uso privativo ou do aproveitamento especial de bens de dominio ou uso público, se orixine un desprazamento patrimonial en favor de particulares, están obrigadas a poñer en coñecemento da Axencia Tributaria de Galicia as citadas concesións, actos ou negocios outorgados, con indicación da súa natureza, data e obxecto da concesión, así como os datos identificativos do concesionario ou autorizado.

2. A consellaría competente en materia de facenda establecerá os procedementos, a estrutura, o formato, os prazos e as condicións en que debe ser remitida a declaración informativa.

#### Artigo 38. Subministración de información sobre bens mobles usados<sup>38</sup>.

Os empresarios dedicados á revenda, con ou sen transformación, de bens mobles usados, cuxas adquisicións deban tributar polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, deberán presentar unha declaración informativa das adquisicións de bens realizadas.

Esta declaración informativa substitúe a presentación do documento comprensivo do feito imponible á que se refiren os artigos 98 e 101 do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 de maio.

A consellaría competente en materia de facenda determinará os modelos de declaración e prazos de presentación, o contido da información que se debe remitir, así como as condicións en que a presentación mediante soporte directamente lexible por ordenador ou mediante transmisión por vía telemática será obrigatoria. En ambos os casos, estas declaracións terán a consideración de tributarias para todos os efectos regulados na Lei xeral tributaria.

#### Artigo 39. Subministración de información sobre xogos<sup>39</sup>.

Co fin de facilitar o debido control do cumprimento das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos dos tributos sobre o xogo, e, especialmente a integridade da base imponible, os

<sup>37</sup> Artigo 37 engadido polo artigo 76 apartado tres da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013).

<sup>38</sup> Artigo 38 engadido polo artigo 76 apartado catro da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2013).

<sup>39</sup> Artigo 39 engadido polo artigo 5, apartado catro, da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014).

operadores de xogo deberán remitir por vía telemática aos órganos e unidades administrativas da Administración tributaria da consellaría competente en materia de facenda unha declaración informativa comprensiva dos elementos que teñan relevancia para garantir a exactitude na determinación da base imponible.

A consellaría competente en materia de facenda establecerá os procedementos, a estrutura, o formato, os prazos e as condicións en que debe ser remitida a declaración informativa.

Disposición transitoria primeira. Prazo de mantemento das adquisicións mortis causa da venda habitual do causante.

Naqueles casos en que se estea gozando da redución por adquisición de vivenda habitual do causante no imposto sobre sucesións o 1 de setembro de 2008, e non se incumprise o requisito de permanencia de dez anos, o prazo de mantemento da adquisición será de cinco anos desde o devengo do imposto.

Disposición transitoria segunda. Aplicación da normativa procedemental.

Á entrada en vigor deste texto refundido, e en canto non sexan aprobados os desenvolvementos regulamentarios, serán de aplicación as normas regulamentarias vixentes en todo aquilo que non se opoña ou contradiga este texto refundido.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa<sup>40</sup>.

A Xunta de Galicia ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario deste texto refundido e autorizará a consellaría competente en materia de facenda para aprobar as disposicións que sexan precisas para a súa aplicación.

Disposición derradeira segunda. Leis de orzamentos<sup>41</sup>.

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar as disposicións contidas neste texto refundido.

Disposición derradeira terceira. Vixencia temporal de determinados beneficios fiscais<sup>42</sup>.

Os tipos de gravame previstos nas alíneas Tres, para o suposto descrito no seu epígrafe 1.b), Cinco e Seis do artigo 14, e nas alíneas Tres, para o suposto descrito no seu epígrafe 1.b), e Seis do artigo 15 serán aplicables ata o 31 de decembro de 2011. Este prazo poderá ser prorrogado polas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

40 Redacción da disposición derradeira primeira dada polo artigo 6, apartado un, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011).

41 Redacción da disposición derradeira segunda polo artigo 6, apartado dous, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011).

42 Redacción da disposición derradeira terceira dada polo artigo 6, apartado tres, da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, 30 de decembro de 2011).